



XUNTA DE GALICIA
Consellería de Educación e
Ordenación Universitaria

CRA de Rianxo
Atalaia Asados – 15984 Rianxo
Tlfno.: 981863305 - 629650523
cra.rianxo@edu.xunta.gal



PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL

CURSO 2022-23

CRA DE RIANXO



Índice

CRA de Rianxo.....	4
1. DATOS XERAIS DO CENTRO.....	4
2. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DO CENTRO.....	6
3. MEDIDAS A DESENVOLVER PARA A SÚA EXECUCIÓN.....	9
3.1. Organización Pedagóxica.....	12
3.2. Adscrición do profesorado.....	12
3.3. Plan de actuación de Educación Infantil.....	14
3.4. Plan de actuación do 1º ciclo de Educación Primaria.....	15
3.5. Equipos de traballo.....	17
3.5.1. Equipo de Biblioteca e Animación á Lectura.....	17
3.5.2. Equipo de Dinamización da Lingua Galega.....	27
3.5.3. Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares.....	28
3.5.4. Equipo de dinamización TIC.....	32
3.5.5. Equipo de dinamización de Programas Internacionais.....	33
4. RECURSOS PREVISTOS.....	38
4.1. De carácter humano.....	38
4.2. De carácter espacial e material.....	38
4.3.- Recursos económicos.....	40
5. CONCRECIÓN ANUAL DO PE.....	41
5.1. Actividades previstas.....	42
6. PLAN DE ACTUACIÓN DOS ÓRGANOS COLEXIADOS.....	44
6.2. Claustro:.....	44
6.2. Consello Escolar.....	45
7.1. Horario de garda do Equipo directivo e atención ao público.....	66
8. XORNADA ESCOLAR E HORARIOS DO CENTRO.....	67
8.1. Horario xeral do centro.....	67
8.2. Horario das horas “complementarias fixas”.....	67
8.3. Modificación do calendario escolar.....	67
8.4. Gardas de clase e vixilancia nos recreos.....	68
8.4.1. Gardas de clase.....	68
8.4.2. Gardas de recreo.....	68
9. CALENDARIO DE REUNIÓNS.....	69
10. PROXECTOS DE INNOVACIÓN EDUCATIVA.....	73
10.1. Programa de Estimulación na Linguaxe Oral e prevención de dificultades na educación infantil (PELO).....	73
10.2. Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares (PLAMBE).....	74
10.3. Proxecto Voz Natura:.....	77
10.4. Plan de Seccións Bilingües.....	79
10.7. Plan Proxecta.....	79
10.8. Clube de ciencia.....	80



11. LIBROS DE TEXTO.....	81
12. CRITERIOS XERAIS SOBRE O USO DAS TAREFAS EXTRAESCOLARES.....	82
13. CURSOS DE FORMACIÓN.....	83
14. PLAN DE ACTIVIDADES PROPOSTAS POLA ANPA.....	84
15. PLAN XERAL DE AVALIACIÓN DO CENTRO.....	85
16. PLAN DE COORDENACIÓN DO PERSOAL NON DOCENTE.....	89
17. PLAN DE RELACIÓNS COA COMUNIDADE EDUCATIVA.....	90
18. PLAN DE AUTOPROTECCIÓN DO CENTRO.....	91

1. DATOS XERAIS DO CENTRO

Tipo de centro	Colexio Público
Denominación oficial	CRA de Rianxo
Código do centro	15027551
Enderezo	Lugar Atalaia – Asados, s/n
Concello	Rianxo
Provincia	A Coruña
Código Postal	15984
Teléfonos	981863305 - 629650523
Correo electrónico	cra.rianxo@edu.xunta.gal
Páxina web	http://www.edu.xunta.gal/centros/crarianxo/
NIF	Q1500341A
Composición	9 edificios: 8 escolas independentes e a sede

Número de unidades funcionando:

Educación Infantil	Educación Primaria	Mixtas (5 niveis)	Total
6	1	3	10

Sinalar que este curso 2022-2023, mantense a habilitación da aula de educación infantil na Escola de Cruceiro debido ao gran número de alumnado.

Número de postos de traballo:

EI	EP	FI	REL	EM	EF	PT	AL	ORI	TOTAL
11	1	1	1	1	1	0	1	1	18

*Sinalar que o centro conta con mestra de Pedagogía Terapéutica este curso e mestra de Relixión.



Alumnado por niveis e escolas:

	4º EI	5º EI	6º EI	EI	1º EP	2º EP	EP	TOTAL
ABUÍN	1	1	7	9	0	5	5	14
OUTEIRO	3	6	3	12	0	0	0	12
QUINTÁNS	2	1	2	5	1	1	2	7
RAÑÓ	2	1	1	4	3	0	3	7
CAPELA	1	1	5	7	5	4	9	16
PAZO	1	2	3	6	0	0	0	6
CRUCEIRO	4	5	8	17	0	0	0	17
CUVIDE	3	6	1	10	0	0	0	10
TOTAL	17	23	30	70	9	10	19	89

2. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DO CENTRO

Participación da Comunidade Educativa:

- Facer partícipes ás familias das propostas de actividades.
- escoitar as súas opinións e suxestións.
- Facer accesibles a toda a comunidade educativa, os acordos que adopta o centro ao obxecto de facilitar a súa información e participación.
- Colaborar coa ANPA “Irmáns Ínsua”, no seu programa de actividades e plan de traballo.
- Manter unha boa comunicación e colaboración co Concello no relativo sobre todo a aspectos de mantemento, limpeza e participación na organización de actividades de carácter didáctico.
- Continuar co programa “Espazo das familias” en colaboración co concello.

Innovación educativa:

- Manter a participación no programa educativo Clube de Ciencia.
- Manter a participación nos programas de innovación previstos no Plan Proxecta.
- Continuar no programa de internacionalización educativa Erasmus +.
- Seguir inmersos no Proxecto de Voz Natura.
- Continuar cos Contratos Programa, incrementando o número de liñas.
- Participar nos Plans de Formación de Profesorado, sobre todo relacionado coas ferramentas dixitais.
- Facer uso de tanto a páxina web do centro como da aula virtual con frecuencia, por parte do profesorado, do alumnado como das familias; así como o emprego de diferentes redes sociais.

- Potenciar a adquisición da competencia dixital no alumnado.
- Facilitar a accesibilidade dos recursos tecnolóxicos ao alumnado e ás familias, sobre todo en posibles casos de confinamento.

Accesibilidade da información:

- Publicar na páxina web toda aquela información de carácter informativo e didáctico que sexa de interese ao conxunto da comunidade.
- Manter actualizados os contidos informativos.
- Utilizar a ferramenta do abalar móbil para trasladar a información ás familias.

Actividades complementarias:

- Manter un programa diversificado de actividades complementarias facilitando a participación de todo o alumnado e familias.
- Potenciar o funcionamento do Equipo de Dinamización da Lingua Galega, o Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares e o de Biblioteca para que aporten actividades variadas e adaptadas.

Relacións do Centro coa Contorna:

- Planificar actividades de acollida nos centros receptores CEIP ADR Castelao e CEP Brea Segade de Rianxo.
- Planificar actividades coa Galiña Azul de Rianxo e Catoira e coa ludoteca Agarimo de Rianxo.
- Planificar actividades onde poidan atoparse todo o alumnado do CRA de Rianxo.
- Realizar actividades conxuntas con entidades e asociacións da localidade.
- Fomentar a actitude de conservación, valoración e protección da contorna.

Actuacións de mellora nos entornos escolares:

- Potenciar o uso e a dotación do material didáctico do centro, optimizando o uso e

aproveitamento dos recursos, das infraestructuras e materiais dispoñibles.

- Concienciar ao alumnado sobre o respecto e coidado do material e instalacións do centro en coordinación cos pais/nais/titores/as.
- Mellorar os patios escolares, converténdooos en verdadeiros lugares de aprendizaxe, en colaboración coa ANPA do centro.

Actuacións favorecedoras da igualdade:

- Desenvolver valores democráticos, traballando co alumnado a transversalidade, inclusión, igualdade de oportunidades,...
- Desenvolver o proxecto “a memoria dos coidados” proposto dende a ANPA e en colaboración coa asociación Avoar de Rianxo.
- Implicar a toda a comunidade educativa na elaboración e desenvolvemento do plano de igualdade.

Alumnado:

- Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade ante o estudo e as súas obrigas, así como a actitude de confianza en si mesmo, de sentido crítico, iniciativa persoal e de emprendemento, creatividade, e afán por superar as dificultades.
- Lograr o seu máximo desenvolvemento persoal e social.
- Conseguir que volvan ver a escola como un lugar interesante e rico para a súa aprendizaxe.
- Potenciar a máxima socialización, respectando as normas de hixene e seguridade.
- Ter presente as características, ritmos e estilos de aprendizaxe de cada neno/a.
- Adquirir contidos que quedaron pendentes do curso anterior.
- Lograr un pleno dominio das competencias clave na educación primaria e un achegamento das mesmas na etapa de educación infantil.

Alumnado con NEAE:

- Favorecer o apoio necesario ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.
- Adaptar a metodoloxía e actividades ao alumnado con NEAE.

- Adquirir o material e mobiliario adecuado ás súas características e necesidades.

Documentos de centro:

- Revisar e actualizar as programacións aos novos currículos e á aplicación PROENS.
- Actualizar todos os documentos que forman parte do PE actualizados.

3. MEDIDAS A DESENVOLVER PARA A SÚA EXECUCIÓN

Actuacións para mellorar a participación da comunidade educativa:

- Reunións previstas polo profesorado coas familias de cada escola, antes do inicio das clases para coñecer as normas e a dinámica da aula.
- Por a disposición das familias un teléfono móbil de dirección para establecer contacto.
- Reunións previstas dende as titorías coas familias de maneira grupal para trasladar a información relevante deste curso.
- Reunións previstas desde as titorías coas familias de maneira individual.
- Reunións trimestrais do equipo directivo coa ANPA.
- Reunións do equipo directivo co Concello.
- Reunións do equipo directivo coas outras direccións dos outros colexios do concello.
- Utilizar a web do centro como recurso principal de comunicación coa comunidade educativa; así como diferentes redes sociais.
- Utilizar a ferramenta abalar móbil para comunicarse coas familias.

Innovación educativa:

- Informar ao claustro e ao Consello Escolar sobre a participación do CRA de Rianxo no Programa de Clubes de Ciencias.
- Programación de reunións de traballo coa Empresa Arenaria para a posta en marcha do Clube: elaboración da programación de para o curso, elaboración do calendario de

actividades, informe sobre necesidades e recursos, elaboración do orzamento.

- Preparación das solicitudes e desenvolvemento de diferentes Plans Proxecta.
- Continuación e incremento dende o Departamento de Orientación os diferentes Contratos Programa.
- Continuación coas actividades que xorden da biblioteca en relación co PLAMBE.
- Desenvolvemento do programa de participación no programa “Voz Natura”.
- Creación do grupo de traballo específico sobre aulas multigráo dentro do PFPP para o curso 2022-2023.
- Desenvolvemento do proxecto de participación do noso centro nos programas educativos europeos, centrándonos nas aulas multigráo.
- Desenvolvemento do programa “espazo das familias” en colaboración co concello.

Accesibilidade da información:

- Publicación na páxina web toda aquela información de carácter informativo e didáctico que sexa de interese ao conxunto da comunidade.
- Actualización semanal e mensual dos contidos informativos.
- Uso da ferramenta do abalar móbil para trasladar a información ás familias.

Actividades complementarias:

- Realización de saídas pola contorna próxima á escola, garantindo as medidas de seguridade e hixiene.
- Realización de actividades virtuais a través da páxina web.
- Celebración das conmemoracións: Magosto, Nadal, Entroido,... todo o alumnado xunto nunha escola.
- Realización dalgunha saída didáctica.

Relacións do Centro coa Contorna:

- Actividades de acollida nos centros receptores CEIP ADR Castelao e CEP Brea Segade, se poden ser presenciais mellor, senón virtuais.
- Actividades conxuntas coa Galiña azul de Rianxo e Catoira e a ludoteca Agarimo de Rianxo.
- Actividades conxuntas con entidades e asociacións da localidade.
- Relacionarse coa contorna próxima para adquirir actitudes de conservación, valoración e protección.

Actuacións de mellora nos entornos escolares:

- Inventarios de material, sobre todo informático.
- Obras nos patios escolares.

Actuacións favorecedoras da igualdade:

- Actividades que parten dos proxectos propostos dende a ANPA e en colaboración coa asociación Avoar de Rianxo.

Alumnado:

- Traballos individuais.
- Traballos colaborativos.
- Xogos e actividades de socialización, empatía e emocións.
- Actividades e metodoloxía adaptada a cada neno/a.
- Adquisición das competencias clave na educación primaria e un achegamento das mesmas na etapa de educación infantil.

Alumnado con NEAE:

- Apoio de PT e AL necesario ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.
- Apoio do profesorado con horario dispoñible.
- Dotación de material e mobiliario específico.

Documentos de centro:

- Revisión e actualización das programacións de aula aos novos currículos e á aplicación PROENS..
- Este curso actualizarase o PE e todos os documentos que o conforman.

3.1. Organización Pedagóxica

Consideramos que na estrutura do Centro ten que ter unha importancia fundamental a coordinación, referida aos diferentes equipos docentes, aos equipos de traballo, ás comisións, aos órganos de goberno e a todos os grupos que compoñen a comunidade educativa.

A organización en equipos docentes facilita a coordinación entre os diferentes grupos ou niveis, facilita a posta en marcha de proxectos e actividades e funciona como canle de comunicación, sobre todo na situación orográfica dun CRA.

A coordinación desde a dirección facilitará que os diferentes equipos formen parte dun todo común a nivel de centro con obxectivos, metodoloxías e actitudes comúns. Así mesmo, os proxectos que se leven a cabo integrarán a toda a comunidade educativa.

Procurarase que o profesorado e os equipos de traballo asuman a responsabilidade correspondente e se impliquen na tarefa propia e á súa vez na tarefa común.

3.2. Adscrición do profesorado

Apelidos e nome	Adscrición	Coordinación	Ciclo	
			Inf.	Prim.
Beiroa Troiteiro, María Sol	Escola de Cruceiro (aula 4º-5º EI)		X	
Piñeiro García, Celia	Relixión	<ul style="list-style-type: none"> • Secretaria • Coord. EACE • C. Clube de Cienca 	X	X
Mansilla Romero, Mª José	Escola de Capela (Educación Primaria)	Coordinadora do 1º ciclo de EP		X



Triñanes Rial, Verónica	Escola de Capela (Educación Infantil)	Coord. Ciclo de Educación Infantil.	X	
García Lorenzo, Pablo	Lingua Inglesa	Coordinador seccións bilingües e coord. EDLG	X	X
Lorenzo Flores, María	Escola de Cuvide		X	
Figueiras Martinez, Baltasar	Orientación	<ul style="list-style-type: none"> • Coord. Proxecto Erasmus + • Coord. Contratos Programa. • Coord. PFPP • Coord. De convivencia e bienestar emocional 	X	X
Jiménez López, Mario	Educación Física	<ul style="list-style-type: none"> • C. Plan Proxecta 	X	X
Castro Moares, Ana Alicia	Apoio Educación Infantil		X	X
Álvarez Barreiro, Laura	Escola de Outeiro		X	
Vázquez de la Iglesia, María	Pedagogía Terapéutica	Directora	X	X
Ferreiro Mareque, Raquel	Escola de Pazo (Educación Infantil)		X	
Lorenzo Outeiral, M^a Teresa	Apoio Educación Infantil	Coordinadora TIC e WEB	X	
Iglesias Suárez, Paula	Escola de Quintáns	Coordinadora Voz Natura	X	X

Deira Mougán, Paula María	Audición e Linguaxe	Xefa de estudos	X	X
Iglesias Framil, Elisa Isabel	Escola de Cruceiro (6º EI)		X	
Varela Abuín, María	Música	Coord. Biblioteca	X	X
Lago González, Diana	Escola de Rañó		X	X
Franco Ojea, Antía	Escola de Abuín		X	

Unha vez nomeada María Varela Abuín mentora ADIX, colle a coordinación de biblioteca Teba Conde Herrezuelo.

3.3. Plan de actuación de Educación Infantil

Forman parte deste equipo todas as titorías de educación infantil, tanto as propias de infantil como as mixtas; así como todo o profesorado especialista que intervén con este alumnado.

As reunións de ciclo faranse segundo o calendario de reunións establecido polo Centro (un martes ao mes).

Características do alumnado:

En total hai escolarizados 70 alumnos e alumnas nesta etapa, repartido nas 8 escolas. Neste alumnado existe unha gran diversidade en base aos ritmos de aprendizaxe, madurez, autonomía e socialización. Ademais hai varios casos de intolerancias e un caso en ALERTA ESCOLAR.

Tamén hai varios/as alumnos/as con NEAE xa diagnosticadas e outros en estudo e valoración por parte do Departamento de Orientación.

Obxectivos do equipo:

Tendo en conta as características do alumnado do centro, os obxectivos deste curso son:

- Adecuar os obxectivos do ciclo ao alumnado que temos nas nosas aulas.
- Seleccionar os contidos para conseguir eses obxectivos.
- Lograr que os nenos/as atopen na escola un lugar para “ser”, para “estar” e para “facer”.

- Traballar o ámbito das emocións.
- Considerar á familia como unha parte importante da educación potenciando reunións e actividades nas que se precise a súa colaboración.
- Solicitar a colaboración e asesoramento do Departamento de Orientación, na busca de solucións para tratar ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.
- Intercambiar opinións e experiencias sobre o comportamento e o progreso do noso alumnado.
- Acoller as diferenzas e particularidades de cada alumno/a.
- Potenciar o desenvolvemento de todas as capacidades cognitivas, intelectuais, emocionais, afectivas e de relación.
- Participar no desenvolvemento do proxecto común de centro “Monte Vivo”.
- Participar no proxecto do EDLG e Voz Natura.
- Seguir fomentando o interese pola lectura a través das mochilas viaxeiras e as bibliotecas de aula.
- Elaborar e transmitir propostas do ciclo á Comisión Pedagóxica.
- Seguir insistindo na limpeza de todas as aulas das escolas.
- Loitar por converter os patios en verdadeiros lugares de aprendizaxe.

No 4º nivel do ciclo de Educación Infantil ten lugar o período de adaptación, o cal segundo a Orde do calendario do 20 de maio de 2022 terá a mínima duración posible que permita acadar os seus obxectivos e, en todo caso, non se prolongará máis alá do día 16 de setembro de 2022.

3.4. Plan de actuación do 1º ciclo de Educación Primaria

Forman parte del todas as titorías que teñan alumnado de 1º e 2º de Educación Primaria, así como todos os especialistas que interveñan con este alumnado.

As reunións de nivel faranse segundo o calendario de reunións establecido polo Centro (un martes ao mes).

Características do alumnado:

En total hai escolarizados 19 alumnos e alumnas nesta etapa repartido en 4 escolas. Neste alumnado hai unha gran diversidade en base aos ritmos de aprendizaxe, madurez, autonomía e

socialización. Ademais existen varios casos de intolerancias.

Tamén hai varios/as alumnos/as en estudo e valoración por parte do Departamento de Orientación (sen diagnosticar).

Obxectivos do equipo:

Tendo en conta as características do alumnado do centro, os obxectivos deste curso son:

- Adecuar os obxectivos do nivel ao alumnado que temos nas nosas aulas.
- Seleccionar os contidos para conseguir eses obxectivos.
- Lograr que os nenos/as atopen na escola un lugar para “ser”, para “estar” e para “facer”.
- Traballar este curso o ámbito das emocións, a raíz da situación sanitaria vivida.
- Considerar á familia como unha parte importante da educación potenciando reunións e actividades nas que se precise a súa colaboración.
- Solicitar a colaboración e asesoramento do Departamento de Orientación, na busca de solucións para tratar ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.
- Intercambiar opinións e experiencias sobre o comportamento e o progreso do noso alumnado.
- Acoller as diferenzas e particularidades de cada alumno/a.
- Potenciar o desenvolvemento de todas as capacidades cognitivas, intelectuais, emocionais, afectivas e de relación.
- Lograr que o alumnado adquira as competencias clave.
- Participar no desenvolvemento do proxecto común de centro “Monte Vivo”.
- Participar no proxecto do EDLG e Voz Natura.
- Seguir fomentando o interese pola lectura a través das mochilas viaxeiras e as bibliotecas de aula.
- Lograr que o alumnado adquira unha boa competencia lectora.
- Elaborar e transmitir propostas dos niveis á Comisión Pedagóxica.
- Seguir insistindo na limpeza de todas as aulas das escolas.
- Loitar por converter os patios en verdadeiros lugares de aprendizaxe.

3.5. Equipos de traballo

3.5.1. Equipo de Biblioteca e Animación á Lectura

Introdución:

O presente Plan Anual de Lectura levarase a cabo no CRA de Rianxo durante o curso 2022-2023, concretando deste xeito o recollido no Proxecto Lector de Centro.

Partimos da idea xeral de que a lectura é un instrumento fundamental na formación integral da persoa. A través dela o individuo é capaz de desenvolver os seus potenciais cognitivos, afectivos, sociais, morais, emocionais e creativos que lle axudarán a desenvolverse globalmente para ser máis libre e mellor, así como para prepararse para a vida.

Na busca dese camiño de conformación persoal, o neno/a non debe estar só, pois esa labor compete ás familias, aos educadores e á sociedade en xeral, pois canto mellor formados estean os individuos, mellores e máis libres serán as sociedades que eles constitúan. A súa vez, unha boa comprensión lectora constitúe un factor clave para conducir ao alumnado ao éxito escolar, así como o fomento de actitudes positivas entorno á lectura e a súa funcionalidade.

A Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación dispón no artigo 2.2 que os poderes públicos prestarán unha atención prioritaria ao conxunto de factores que favorecen a calidade da ensinanza e, en especial, o fomento da lectura e o uso de bibliotecas, entre outros.

O artigo 14.5 desta lei orgánica establece que no segundo ciclo da Educación Infantil se poderá favorecer unha primeira aproximación á lectura e escritura.

O artigo 16.2 sinala que unha das finalidades da Educación Primaria é facilitar aos alumnos e alumnas as aprendizaxes da expresión e comprensión oral, a lectura e a escritura. Así como no artigo 17 se establece como obxectivo da Educación Primaria desenvolver hábitos de lectura.

Xa no artigo 19.3 dispónse que, ao fin de fomentar o hábito da lectura, adicárase un tempo diario á mesma, recollido no proxecto educativo de centro.

Composición do equipo:

Responsable	Varela Abuín, María.*
Membros do equipo	Beiroa Troiteiro, María Sol.

	Castro Moares, Ana Alicia.
	Vázquez de la Iglesia, María.
	Lago González, Diana.

*Unha vez nomeada mentora ADIX, colle a coordinación da biblioteca Teba Conde Herrezuelo.

Obxectivos e fundamentación:

Concretando esta lei orgánica; respecto da lectura, a escritura, as habilidades informativas e as bibliotecas escolares na nosa comunidade autónoma, para a Educación Primaria hai que ter en conta o seguinte:

- Os centros docentes deberán incluír dentro do seu proxecto educativo un programa de centro de promoción da lectura (Proxecto Lector de Centro) no que integren as actuacións destinadas ao fomento da lectura, da escritura e das habilidades no uso, no tratamento e na produción da información, en apoio da adquisición das competencias clave.
- Este programa de centro será o referente para a elaboración dos plans anuais de lectura que se incluírán na programación xeral anual.
- Así mesmo, os centros docentes contarán cunha biblioteca escolar, instrumento fundamental para o desenvolvemento do programa de promoción da lectura (Proxecto Lector de Centro), como centro de referencia de recursos da lectura da información e da aprendizaxe e punto de encontro entre alumnado, profesorado e familias que facilite a comunicación, a creatividade, as aprendizaxes e o traballo colaborativo ademais de estimular os intercambios culturais no centro.
- Correspóndelle á dirección do centro a aprobación do programa de promoción da lectura logo da proposta realizada polo claustro de profesorado.

Como desenvolvemento do Proxecto Lector de Centro elabórase un Plan Anual de Lectura no que se plasman todas as actuacións que o equipo de biblioteca, os titores de Educación Infantil e Primaria, os especialistas e os integrantes dos distintos equipos pretenden realizar ao longo do curso para conseguir os obxectivos propostos en dito proxecto.

Os mencionados obxectivos son os seguintes:

- Contribuír no logro da competencia en comunicación lingüística.
- Incrementar e fomentar os hábitos de lectura de toda a comunidade educativa.
- Favorecer a comprensión lectora e a lectura fluída.
- Estimular os hábitos de lectura e escritura.
- Lograr unha biblioteca totalmente inclusiva.
- Iniciarse na robótica e programación.
- Integrar as TIC nos procesos de lectura, escritura e busca de información.
- Traballar a formación de usuarios para conseguir que os usuarios da comunidade educativa teñan autonomía no uso e funcionamento da biblioteca escolar.
- Buscar estratexias para acadar unha maior e máis efectiva colaboración coas familias e o entorno no ámbito da lectura e escritura.
- Integrar a biblioteca como centro de recursos aos servizo da comunidade escolar.

Organización de espazos e tempos para a lectura:

Ao tratarse dun Colexio Rural Agrupado contamos coa dificultade de acceso diaria ao espazo da biblioteca por parte do alumnado. O emprego da mesma quedará limitado ao acceso do alumando acompañado dun adulto para o préstamo ou devolución de libros polas tardes.

A organización da biblioteca de aula depende en gran medida de cada titor/a.

Con respecto ao tempo en Educación Infantil trabállase a competencia lingüística de maneira globalizada polo que en calquera momento se fomenta o uso do libro.

Liñas de actuación prioritarias en relación coa biblioteca escolar no centro:

- Organización e xestión:
 - Constitución do novo equipo de biblioteca: responsable da biblioteca e equipo de apoio.
 - O responsable da biblioteca asumirá horario suficiente para poder levar a cabo a xestión e para que a biblioteca funcione durante o maior tempo posible en horario lectivo.
 - Revisar a colocación dos fondos na biblioteca.
 - Elaboración en colaboración coa xefatura de estudos do horario de apertura da biblioteca.
 - O equipo realizará reunións periódicas, polo menos unha ao mes, para coordinarse nas actividades programadas.

- Adquirir e renovar fondos en distintos soportes.
- Buscar o equilibrio entre os xéneros máis e menos solicitados.
- Priorizar a adquisición de material en galego debido a que é a lingua predominante no noso alumnado.
- Revisar os diferentes campos do Programa Meiga, completando e corrixindo os erros detectados co fin de axilizar a localización e utilización dos fondos.
- Facilitar a todo o alumnado e profesorado un carné de usuario, así como un por aula.
- Expurgar todo o material en mal estado e mellorar a organización dos títulos a través dun sistema de orde máis intuitivo e organizado.
- Dinamización e promoción dos recursos da biblioteca, integración no tratamento do currículo e contribución á adquisición de competencias clave:
 - O equipo de biblioteca promoverá o intercambio de información entre os diferentes equipos do centro para favorecer a difusión e realización das diferentes actividades e proxectos desenvolvidos ao longo do curso co fin de optimizar tempo, traballo e recursos.
 - Prestaremos especial apoio ao PDI do centro, este ano relacionado cos contos; proporcionando apoio material, así como ante calquera proxecto proposto polos titores/as.
 - A páxina web do centro e as redes sociais relacionadas co CRA, difundirán as experiencias que se leven a cabo no centro, facendo o equipo de biblioteca fincapé nas actividades desenvoltas dende a biblioteca. Así mesmo aproveitarase esta vía para manter informada á comunidade educativa das novidades en canto á adquisición de fondos e ás lecturas propostas para cada mes.
 - Publicaremos as novidades das actividades propostas na porta da biblioteca.
 - Procuraremos que cada especialista aporte recursos didácticos, experiencias, suxestións de adquisicións, enlaces de interese, aplicacións,...
 - Utilizaremos a mascota da biblioteca, Daniel, como recurso de dinamización e promoción dos recursos da biblioteca: cartas de invitación ás escolas, elaboracións dos cadernos “amigas e amigos de Daniel”,...

- Fomentarse a participación en proxectos e outras actividades que teñan especial relación coa formación de usuarios e a educación documental.
- Favorecerase e procurarse a formación dos compoñentes do equipo de biblioteca que promovan e melloren a calidade das prácticas educativas.
- Formación de usuarios e educación para a formación documental:
 - Tal e como se fixo en cursos anteriores programaranse actividades para coñecer o espazo físico da biblioteca e os fondos da mesma, para facilitar o acceso á información, e a consulta do catálogo e elaboraranse guías de formación, presentacións dixitais e actividades para traballar co alumnado, materiais para a organización do espazo, sempre coa colaboración necesaria do profesorado.
- Fomento da lectura e desenvolvemento do proxecto lector do centro:
 - Comunicar ao claustro as actividades propostas dende o equipo de biblioteca.
 - Colaborar cos diferentes equipos na elaboración de actividades relacionadas coas conmemoracións marcadas no calendario escolar.
 - Participar cos diferentes equipos na organización de actividades aportando os recursos necesarios e centralizando a información.
 - Prestar especial atención aos cursos que requiran axuda no desenvolvemento do seu itinerario lector, asesorando sobre títulos, proxectos e/ou actividades complementarias, e facilitando a adquisición dos diversos materiais necesarios para levalo a cabo.
 - Elaborar guías de lectura buscando a colaboración dos diferentes cursos e as recomendacións de mestres e alumnado.
 - Complementar e apoiar tanto con recursos, orzamento ou espazos a aqueles cursos nos que se leven a cabo proxectos documentais.
- Outras actuacións:
 - Xornadas trimestrais na biblioteca.
 - Mochilas viaxeiras con fondos para toda a familia.
 - Colaboracións coa biblioteca municipal.
 - Cadernos “amigas e amigos de Daniel”.
 - Visita ás escolas dalgún autor ou ilustrador.

- Visita ás escolas de contacontos.
- Participación en contacontos por parte das familias.
- Contacontos por parte do profesorado.
- Exposicións mensuais na biblioteca central en torno a unha temática.
- Maletas de xogos: maletas repletas de diversos xogos de atención, memoria, robótica, que percorreren as escolas para que sexa máis doado de chegar ao alumnado.
- Se é posible realizarase saídas ao auditorio municipal para ver obras de teatro ou representacións.

Seccións:

En Educación Infantil e Primaria cada aula contará coa súa propia biblioteca de aula e poderá ser actualizada frecuentemente con fondos da biblioteca “central” tal e como se viña facendo en cursos anteriores.

Rutinas de lectura. Actividades para a hora de ler:

- Antes da lectura:
 - Activación dos coñecementos previos: imaxes, lámina de portada, títeres...
 - Observación, descrición, comprensión.
 - Conversación sobre as imaxes, lámina de portada...
 - Conversación sobre a contraportada.
 - Conversación sobre o libro.
 - Formulación de hipóteses sobre o contido.
 - Identificación de propósitos e focalización da atención sobre a lectura.
- Durante a lectura:
 - Comprensión do que se está lendo ou escoitando.
 - Realización de novas predicións sobre a lectura.
 - Revisión das ideas principais de cada capítulo.
 - Relacionar a nova información cos coñecementos previos.
- Despois da lectura:
 - Resumir as ideas principais de toda a historia e chegar á mensaxe que nos quere transmitir o texto.

- Analizar os obxectivos e predicións adecuados.
- Comprensión literal:
 - Datos do texto.
 - Recoñecemento de personaxes.
 - Relacionar o lugar cos sucesos acontecidos.
 - Ordenar temporalmente os sucesos.
- Comprensión estrutural:
 - Diferenciar diálogo de narración.
 - Diferenciar idea principal de secundarias.
- Comprensión interpretativa:
 - Deducir información que non aparece no texto.
- Comprensión crítica: Poñerse no lugar do autor/a e intentar ver as intencións coas que escribiu o libro.

Recursos humanos:

O noso centro conta cunha responsable da biblioteca e cun equipo de apoio.

Ademais cada mestre titor/a debe fomentar a lectura na súa aula.

Itinerarios lectores:

- Educación Infantil:
 - Unha última carta. Kalandraka.
 - Un conto che de lobos. OQO Editora.
 - A sopa queima. OQO Editora.
 - Cinco minutos de paz. Kalandraka.
 - Deseo para ti. Editorial B de Blok.
 - Carabuñas.OQO Editora.
 - O pirata pata de lata. Kalandraka.
 - Un becho estraño. Editorial Faktoria de Libros.
 - Orelas de bolboreta. Kalandraka.
 - Os tres porquiños. Kalandraka.
 - (Entre outros).

- Educación Primaria:
 - Ate as princesas soltan peidos. Editorial Algar.
 - Marcopola. A illa remeira. Xerais.
 - Cuando las niñas vuelan alto. Editorial Lumen.
 - Mar adiante. Xerais.
 - Fred Quincalla, o nómade do mar. Xerais.
 - Feliz Feroz, o lobiño riquiño. Xerais.
 - Yo voy conmigo. Editorial Thule.
 - A casa de había unha vez. Xerais.
 - A cazadora de estrelas. Xerais.
- Relacionados co PDI “Monte Vivo”:
 - Os nosos bosques. Ed. Miudiño
 - Árboles. Piotr Socha. Wojciech Grajkowski. Ed. Maeva Young.
 - ¡Aquí la tierra! Poemas para un planeta en apuros. M^a del Carmen Quiles e Mar Campos. Ed. Valparaíso
 - Poemas para niños chicos de Federico García Lorca. Editorial Jaguar.
 - Lume! Alberto Varela Ferreiro. Ed. Xerais
 - Na ribeira. Petra Bartiková. Marcel Králik. Ed. Baía Edicións
 - Baixo a terra. Petra Bartiková. Marcel Králik. Ed. Baía Edicións
 - El árbol de los recuerdos. Britta Teckentrup. Ed. NUBEOCHO
 - Ocultos en el bosque. Mitsumasa Anno. Ed. Kalandraka.
 - O señor mago e a folla. Toño Núñez. Ed. Everest
 - Canta o cuco. Uxía e Blanco Magín. Ed. Galaxia. (Sonarbore)
 - Wangari y los árboles de la paz. Una historia verdadera. Jeanette Winter. Ed. Ekaré.
 - El último día de Otoño. Adriá Gódia. Ed. Edebé.
 - Os bolechas descubren a natureza: O río. Pepe Carreiro. Ed. A nosa terra
 - Os bolechas descubren a natureza: As Fragas do Eume. Pepe Carreiro. Ed. A nosa terra
 - Os bolechas descubren a natureza: A carballeira. Pepe Carreiro. Ed. A nosa terra
 - Os bolechas descubren a natureza: A lagoa. Pepe Carreiro. Ed. A nosa terra



- Os bolechas descubren a natureza: A montaña. Pepe Carreiro. Ed. A nosa terra
- Un año en el bosque. Emilia Dziubak. Ed. Sm
- En el bosque del perezoso. Sophie Strady. Ed. Hipotesi.
- Un año al redor del gran roble. Gerda Muller. Ed. Ing edicions.
- (Entre outros).

Actividades programadas e temporizadas

DATA	CONMEMORACIÓN	ACTIVIDADES
Setembro	Mes benvida ao colexio	<ul style="list-style-type: none">• Elaborar o Plan Anual de Lecturas.• Cadernos “amigas e amigos de Daniel”.• Actividade de formación do profesorado novo.
Outubro	Mes das bibliotecas e do samaín	<ul style="list-style-type: none">• Publicitar a biblioteca.• Día da biblioteca.• Exposición libros de medo.• Contacontos.
Novembro	Mes en contra da violencia de xénero e do outono	<ul style="list-style-type: none">• Exposición libros Violencia de Xénero.• Contacontos.
Decembro	Mes das persoas con discapacidade e do Nadal	<ul style="list-style-type: none">• Exposición de libros que traballen as discapacidades.• Elaboración Guía de lectura para o Nadal.• Contacontos.
Xaneiro	Mes da paz	<ul style="list-style-type: none">• Exposición de libros sobre a Paz.• Vídeo promocional do CRA de Rianxo.• Contacontos.
Febreiro	Mes de Rosalía de Castro	<ul style="list-style-type: none">• Exposición de libros desta autora.• Celebración do día de Rosalía, atendendo as indicacións da Asociación de escritores e escritoras en Lingua Galega.• Agasallar cun libro e cunha flor no día de

		<p>Rosalía.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Contacontos.
Marzo	Mes da muller	<ul style="list-style-type: none"> • Exposición de libros sobre mulleres. • Contacontos.
Abril	Mes relacionado co PDI e semana do libro	<ul style="list-style-type: none"> • Exposición de libros relacionados co PDI. • Celebración do día do libro. • Contacontos.
Maio	Mes das letras galegas e do acoso escolar	<ul style="list-style-type: none"> • Exposición de libros do autor homenaxeado. • Contacontos.
Xuño	Mes do medioambiente	<ul style="list-style-type: none"> • Exposición de libros sobre o medioambiente. • Guía de lecturas para o verán. • Contacontos.

Outras actividades:

- Visita de autores ás escolas.
- Sesións de contacontos nas aulas.
- Obradoiros de animación á lectura por escolas.
- Colaboración co EDLG en diferentes actividades.

Ademais o calendario de actividades previstas en relación coa biblioteca e o fomento da lectura é aberto, e poderanse introducir tantas outras actividades ao longo do curso 2022-2023 que se consideren interesantes para o alumnado.

Ler en familia. Actividades para implicación das familias:

Para a implicación das familias, dentro do Plan Anual de Lectura para o presente curso, están plantexadas as seguintes actividades:

- Mochilas viaxeiras en Educación Infantil e Educación Primaria.
- Contar coa participación das familias para desenvolver diferentes contacontos, sendo as mesmas as protagonistas de contalos.

Seguimento e avaliación:

O seguimento e avaliación do plan anual de lectura considérase un elemento esencial do propio proxecto porque permite a valoración do grao de consecución dos obxectivos propostos, das actuacións que se están levando a cabo e dos recursos e medios empregados así como a realización de propostas de mellora. Para iso establécense os seguintes criterios e instrumentos de avaliación:

Criterios de avaliación:

- Aumentar o hábito da lectura no alumnado.
- Aumentar o uso dos fondos da biblioteca.
- Mellorar a competencia comunicativa.
- Aumentar o hábito da lectura familiar.

Instrumentos de avaliación:



- Complimentación por parte do alumno/a dunha ficha bibliográfica de cada libro que lea.
- Instrumentos propios de cada materia para a avaliación da competencia lectora.
- Participación nas actividades de animación á lectura e grao de profundización e consecución das mesmas.
- Rexistro de préstamos de fondos da biblioteca.
- Enquisas.

As conclusións da avaliación final, así como as propostas de mellora, incluíranse ao finalizar cada curso escolar na memoria anual do centro, servindo como referente para a revisión das actuacións ao inicio do curso seguinte.

3.5.2. Equipo de Dinamización da Lingua Galega:

Ao abeiro da lexislación vixente, que regula e anuncia a convocatoria de axudas para a presentación de proxectos de fomento do uso do galego dos centros de titularidade pública de Galicia, o Equipo de Dinamización da Lingua Galega presentará un proxecto que tentará eliminar prexuízos e fomentar o uso do galego, tanto na vida da comunidade educativa que envolve o noso centro coma nas propias aulas.

O equipo de Dinamización Lingüística para este ano académico 2022/23 componse por:

	<p>XUNTA DE GALICIA Consellería de Educación e Ordenación Universitaria</p>	<p>CRA de Rianxo Atalaia Asados – 15984 Rianxo Tlfno.: 981863305 - 629650523 cra.rianxo@edu.xunta.gal</p>	
---	--	--	---

Responsable	García Lorenzo, Pablo.
Membros do equipo	Mansilla Romero, María José.
	Iglesias Framil, Elisa Isabel.
	Franco Ojea, Antía

Nun eido tan decisivo como é a etapa de Infantil e 1º e 2º de Primaria na adquisición e consolidación das catro capacidades básicas que configuran a competencia comunicativa: comprender, falar, ler e escribir; será a aula, o lugar idóneo para a adquisición do amor pola nosa lingua e o desexo de utilizala. Visitas, charlas, relacións co medio, actividades artísticas, deportivas e culturais son moi útiles para o emprego vivo da nosa lingua e para comprobar a súa validez plena nas actividades da vida diaria. Dende o EDLG, a través do noso proxecto de fomento de uso do galego, facilitaremos actividades propicias para acadar esa competencia comunicativa no noso alumando e analizaremos o entorno sociolingüístico do C.R.A. de Rianxo.

3.5.3. Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares

Introdución:

A programación que presentamos a continuación recolle as actividades complementarias propostas para o curso 2022-2023. Tal e como se sinala no Decreto 374/1996 do 17 de Outubro “terán carácter de complementarias todas aquelas actividades didácticas que se realicen co alumnado en horario lectivo e que, formando parte da programación teñen carácter diferenciado polo momento, espazo ou recursos que empregan.”

As actividades complementarias incluídas nesta programación recollen as propostas realizadas dende o Equipo de Ciclo de Educación Infantil, dende os cursos de 1º e 2º de Educación Primaria e dende os Equipos de Biblioteca e de Dinamización da Lingua Galega.

Cabe sinalar que esta programación ten un carácter aberto e flexible, polo que queda aberta a novas propostas que poidan ir xurdindo ao longo do curso e sexan consideradas de interese por parte do profesorado.

Configuración do equipo de actividades complementarias e extraescolares:

Os mestres que compoñen o equipo de actividades complementarias e extraescolares no

presente curso son os seguintes:

Responsable	Piñeiro García, Celia.
Membros do equipo	Iglesias Suárez, Paula.
	Lorenzo Flores, María.

Este equipo reunirse segundo o previsto pola dirección do centro, nunha sesión adicada á organización e ao desenvolvemento do traballo recollido nesta programación.

Obxectivos:

As actividades contempladas nesta programación foron propostas tendo en conta as características dos nosos alumnos, do noso centro e do contexto no que nos atopamos e están pensadas para a consecución dos seguintes obxectivos:

- Potenciar a vida social e cultural do alumnado, axudándolle a desenvolver a capacidade de empregar convenientemente o tempo libre.
- Contribuir ao desenvolvemento das capacidades recollidas nos obxectivos xerais ou das áreas a través de situacións de ensinanza-aprendizaxe con materiais, espazos e axentes educativos alternativos aos habituais.
- Fomentar o sentido de pertenza á comunidade desenvolvendo o gusto pola participación en diferentes tradicións e festas populares, contemplándoas como situacións que contribúen á vida en sociedade.
- Fomentar a apertura do Centro ao entorno propiciando relacións con diferentes entidades sociais e culturais.
- Aproveitar ao máximo os recursos socioculturais da nosa localidade.
- Contribuir ao desenvolvemento dun clima de convivencia axeitado entre os diferentes membros da comunidade educativa.
- Potenciar a participación das familias en actividades propostas polo centro.
- As saídas didácticas poderán levarse a cabo respectando a normativa vixente no momento de realizalas, sobre todo en canto ao aforo de museos e salas e ás de transporte.

Criterios de selección e desenvolvemento das saídas:

Seguimos mantendo os mesmos criterios de selección que en cursos anteriores: pedagóxico,

económico e de fixación de datas.

Protocolo de actuación:

Seguimos mantendo os mesmos protocolos de actuación durante as saídas que en cursos anteriores á pandemia.

Autorizacións:

É necesario pedir autorización ás familias para o noso alumnado que queira asistir as actividades complementarias e extraescolares.

E acordado polo claustro que tanto as autorizacións específicas como as notas informativas para as actividades de centro sexan redactadas e xestionadas dende o Equipo de Complementarias.

Realización das actividades complementarias e extraescolares:

É acordado polo claustro sobre a realización das actividades complementarias e extraescolares para este curso 2022-2023 continuar coa reivindicación que se propuxo xa fai varios cursos de interromper as actividades extraescolares, a excepción da excursión de fin de curso, ante os ataques da Consellería de Educación tanto hacia a dignidade profesional dos docentes como hacia a calidade do Ensino Público, xa que debido ao incremento do traballo burocrático os mestres non poden facer fronte a moitas destas actividades de carácter voluntario.

Temporalización das actividades propostas:

A continuación presentamos a temporalización trimestral proposta para a realización das actividades previstas. Esta distribución das actividades pode sufrir cambios dependendo tanto das inclemencias metereolóxicas como por cuestións organizativas do centro; tanto pode quedar algunha sin levar a cabo como aumentar algunha actividade segundo se vaia desenvolvendo o curso:

PRIMEIRO TRIMESTRE	
Samaín (28 de outubro)	Infantil + Primaria
Magosto (4 de novembro)	Infantil + Primaria
Saída ao entorno	Infantil + Primaria
Commemoración do 25 N	Infantil + Primaria
Festa de Nadal (22 de decembro)	Infantil + Primaria
Saída á biblioteca do centro	Infantil + Primaria
SEGUNDO TRIMESTRE	

Día da Paz e da non violencia (29 de xaneiro)	Infantil + Primaria
Entroido (16 de febreiro)	Infantil + Primaria
Saída didáctica ao entorno	Infantil + Primaria
Saída ao polideportivo de Rianxo	Infantil + Primaria
Saída á biblioteca do centro	Infantil + Primaria
TERCEIRO TRIMESTRE	
Letras Galegas (16 maio)	Infantil + Primaria
Saída didáctica ao entorno	Infantil + Primaria
Festa de fin de Curso (21 de xuño)	Infantil + Primaria

Desenvolvemento das actividades propostas:

Saídas:

- Saídas didácticas ao entorno: quedan programadas tres saídas didácticas ao entorno, unha por trimestre, onde o centro garante os apoios suficientes e coa participación das familias.

Commemoracións:

- Este curso as conmemoracións serán levadas a cabo a nivel de escola e a nivel de centro, xuntándonos todos nunha mesma escola.

Estas actividades estarán organizadas por xornadas, aínda que dependendo das súas características non é preciso que todas elas ocupen as 5 horas lectivas.

Actividades como o 25N ou o Día da Paz poden levarse a cabo, por exemplo, nas sesións de despois do recreo. Estará permitido que as familias participen aportando merendas especiais para o alumnado tanto de carácter individual como para compartir e acompañando ao alumnado na xornada. Nestas datas especiais interrompiranse as especialidades. O profesorado especialista repartirase polas distintas escolas para realizar tarefas de apoio ou organización.

Actividades nas escolas:

- Participación coa Asociación Avoar, a cal visitará as nosas escolas ao longo dos meses de outubro e novembro para desenvolver o programa “a memoria dos coidados”. É unha actividade organizada dende a ANPA sobre igualdade e memoria do noso pasado.

Avaliación:

O equipo de actividades complementarias e extraescolares encargárase de ir recollendo ao longo do curso as impresións, suxerencias, propostas de mellora... en relación a cada unha das actividades realizadas co obxectivo de ir mellorando e deixar reflectido na memoria final o resultado de cada unha das experiencias nas que participemos. Para que dita avaliación sexa viable e reflecta o sentir xeral será moi importante contar coa colaboración de todo o profesorado.

3.5.4. Equipo de dinamización TIC

O equipo foi constituído en Setembro do presente ano 2022 con vixencia ata o 2023 e está formado por:

Responsable	Lorenzo Outeiral, María Teresa.
Membros do equipo	Álvarez Barreiro, Laura.
	Deira Mougán, Paula María.
	Ferreiro Mareque, Raquel.

Hoxe en día vivimos na sociedade da información e da comunicación e posto que a escola é un reflexo da sociedade as TICs deben formar parte do día a día do noso centro, mais si cabe nestes momentos de pandemia que estamos a vivir, tal e como establece o protocolo covid.

Así as TACs ao longo deste curso escolar 22/23 vannos facilitar entre outras as seguintes actuacións:

- A **personalización da educación;** tendo en conta a diversidade presente nas distintas aulas (distintos ritmos e estilos de aprendizaxe, intereses, idades, capacidades...).
- A **formación do profesorado.**
- A **relación coas familias** e os distintos sectores da **comunidade educativa.**

Tal e como se establece na *LOMLOE* vamos a contribuír ao desenvolvemento do Tratamento da información e competencia dixital (denominada como competencia dixital no decreto de educación primaria cando nos fala das competencias clave) a través da consecución dos seguintes

obxectivos:

- Manter actualizada a paxina web e aula virtual do centro.
- Publicar as novas nas redes sociais vinculadas ao CRA.
- Facer unha posta a punto dos equipos informáticos das distintas escolas e contribuír ó seu mantemento e bo funcionamento, así como á posible reposición ou ampliación de recursos.
- Potenciar a relación coas familias, coa comunidade educativa e entre os membros do claustro a través de medios telemáticos (Webex, Abalar, páxina web do centro, whatsapp, correos electrónicos...).
- Empregar as TICs como recurso para traballar distintos contidos educativos.
- Realizar sesións formativas para mellorar a competencia dixital do claustro do centro.
- Facer un inventario TICs das distintas escolas e departamentos.
- Cumprir o protocolo de protección de datos (EDUCONVIVES) no emprego da TICs.
- Mellorar a competencia dixital do alumnado a través de distintas accións (establecemento de zona de traballo TICs nas distintas aulas, actividades coa PDI, búsqueda de información a través de internet, iniciación en actividades de robótica (con beebot por exemplo...)...
- Dotar de material tecnolóxico para atender ao alumnado con NEAE.

3.5.5. Equipo de dinamización de Programas Internacionais

Contextualización e Xustificación:

A Orde do 17 de xullo do 2007, regula as dinamizacións dos centros educativos no seu artigo 6 nomea a dinamización de programas internacionais e no seu artigo 8, no apartado 4 di “Ademais, segundo a participación do centro nos diferentes, programas, poderá existir a dinamización de programas internacionais, de mellora da calidade educativa e aquelas outras que poidan incidir na mellora da calidade educativa. Neste marco lexislativo, constitúese a dinamización de programas internacionais.

O CRA de Rianxo é un centro singular, un dos 21 Colexios Rurais que forman parte do Sistema Educativo Público Galego. O CRA de Rianxo conformase con 8 escolas unitarias: Abuín - Outeiro – Rañó - Cuvide - Quintáns - Cruceiro – Pazo - Capela. Atende a nenas e nenos de 3 a 7 anos. En todas estas escolas existe un agrupamento vertical, na que nun mesmo grupo conviven

nenos e nenas de distintos niveis educativos, chamadas aulas multiveis ou aulas multigrado. Cabe destacar que en 3 destas escolas (Abuín, Quintáns e Rañó) danse agrupamentos de ata 5 niveis educativos. Así, o estudio e investigación de metodoloxías específicas en aulas multiniveis é tema de interese compartido por todo o claustro. Ademais desta, outras características que definen a identidade do CRA de Rianxo son: escolas integradas nun entorno rural, a influencia do mar no proceso educativo e a importancia das familias na organización e no proceso educativo do alumnado, tendo unha presenza activa na dinámica do CRA. Por último, as metodoloxías activas son protagonistas nas aulas do CRA.

No curso escolar 19/20 constituíuse por primeira vez no centro o equipo de programas internacionais cuxa máis destacada misión foi presentar un proxecto á convocatoria ao programa Erasmus+ co obxectivo de adquirir unha especialización en metodoloxías de aulas multigrado. O resultado foi a aprobación do proxecto, destacando que de 32 proxectos aprobados en Galicia, o proxecto do CRA de Rianxo obtivo a cuarta mellor puntuación cun total de 87 puntos. A cantidade aprobada supera os 16.000 euros, cantidade significativa para a tipoloxía do noso centro (Colexio Rural Agrupado).

No curso 2021-2022 puidéronse levar a cabo tres mobilidades para coñecer o sistema educativo de Suecia, Francia e Romanía.

O equipo está conformado as seguintes persoas:

Responsable	Figueiras Martínez, Baltasar.
Membros do equipo	Triñanes Rial, Verónica.
	Jiménez López, Mario.

Obxectivo principal:

O principal obxectivo do equipo de internacionalización é lograr unha especialización, dos profesionais do CRA de Rianxo, na metodoloxía e ensinanza en aulas multigrado, e lograr así, que o centro se converta nun centro de referencia no tocante a metodoloxías activas en aulas con agrupamentos verticais.

A partir deste obxectivo principal derímense unha serie de **obxectivos secundarios:**

- Executar de forma idónea o proxecto RUSTIC. Proxecto aprobado no marco da

convocatoria ERASMUS+.

- Participar en distintas accións formativas (cursos, seminarios, xornadas,...) relacionadas cas aulas multigrado.
- Difundir o coñecemento adquirido no relativo a metodoloxías en aulas multigrado aos distintos axentes educativos: ANPA, Inspección Educativa, Coordinadores de Equipo, profesionados educativos doutros centros, organismos educativos como o CAFI, distintas administracións, centros educativos da contorna.
- Implicar a todo o profesorado na consecución do obxectivos principais.
- Crear un rede estable de alianzas e socios na que exista un intercambio fluído de experiencias e coñecemento.
- Investigar, estudar e elaborar textos científicos que permitan profundizar na temática obxecto de estudio.
- Internacionalizar ao centro realizando accións de dimensión europeas e transnacionais.

Accións previstas para o curso 2022-2023:

A principal acción do curso é continuar coas mobilidades e execución do proxecto RUSTIC.

- Accións de Difusión:
 - Elaboración dun documento científico sobre as aulas multigrado e difusión en revista científica especializada.
 - Elaboración de artigos de prensa realacionados co proxecto RUSTIC e no que se aborde a temática metodolóxica.
 - Participación como ponentes en accións formativas que aborden as metodoloxías innovadoras.
 - Elaboración dun espacio informativo que difunda a actividade do equipo e o contido e coñecemento sobre aulas multigrado.
 - Realización de encontros e reunións con distintas axentes para difundir a actividade do centro no relacionado ás aulas multigrado.
 - Elaboración de informes que permitan o deseño de acción formativas sobre a metodoloxía en aulas con nenos e nenas de distintas idades.

Medios previstos para realizar esta difusión: Revista especializada, medios de comunicación,

páxina web do centro, redes sociais, participación en accións formativas

- **Formación:**

- Participación na oferta formativa organizada polo CAFI. Formarse en metodoloxías innovadoras que permitan a aplicación en aulas multiniveis.
- Colaboración e participación no Plan de Formación propio do centro relacionado con Metodoloxías Multigrado.
- Búsqueda e estudio de textos especializados que aborden as aulas multigrado.
- Estudio da normativa actual (autonómica, doutras comunidades e nacional) que aborde a tipoloxía das aulas con nenos e nenas de diferentes idades, para obter un marco normativo de posible transferencia legislativa.
- Realización de visitas de traballo tanto a institucións europeas como a organismos educativos que aporten coñecemento.
- Creación dunha rede de contactos de persoas e institucións na que haxa un intercambio de información, coñecemento e recursos, ademais de sumar sinerxias na creación de accións e proxectos.
- Coordinación con outros equipos e estruturas do centro para influir na asunción da temática multigrado.

- **Avaliación:**

A avaliación do funcionamento do Departamento de Programas Internacionais será continua, a través das reunións periódicas que o centro establece para a xuntanza dos distintos equipos do centro; e tamén final, ao remate do curso académico 2022/2023. Para a avaliación do departamento tomarase en conta a consecución dos obxectivos propostos.

Na última sesión de avaliación, en función do resultado, proporanse e reformularanse obxectivos para o curso académico 2023/2024.

- **Impacto:**

Distinguimos o impacto da actividade do equipo de dinamización de programas internacionais. Por un lado un impacto directo no alumnado do CRA que se vai beneficiar da mellora formativa e cualificación do profesorado, o que vai ter unha repercusión directa na práctica



XUNTA DE GALICIA
Consellería de Educación e
Ordenación Universitaria

CRA de Rianxo

Atalaia Asados – 15984 Rianxo
Tlfno.: 981863305 - 629650523
cra.rianxo@edu.xunta.gal



educativa da aula. Pero tamén unha repercusión na comunidade e no centro. Preténdese que o centro ofrezca unha visión a comunidade de colexio especializado en metodoloxías innovadoras que teña nas aulas multigrado o núcleo do seu estudio e investigación.

4. RECURSOS PREVISTOS

4.1. De carácter humano

- **Internos ao centro:** 19 mestres/as e cuidadora.
- **Externos ao centro:** persoal de limpeza do Concello, EOE, servizos sociais, ANPA, asociacións veciñais como Avoar ou Arenaria, empresa de distribución de froita, CAFI, equipo de obras do concello,...
- Indicar que o centro non conta con conserxe, figura que consideramos importante no noso centro xa que algunhas das tarefas que podería realizar esta persoa tenas que asumir o equipo directivo adicándolle horas a causa do desprazamento entre escolas.

4.2. De carácter espacial e material

- Trátase da sede e 8 escolas:
 - Cruceiro, Cuvide e Outeiro, na parroquia de Taragoña.
 - Capela, na parroquia de Araño.
 - Quintáns, na parroquia de Isorna.
 - Rañó e Abuin na parroquia de Leiro.
 - Pazo na parroquia de Rianxo.
- **Sede Administrativa:** está no lugar de Atalaia Asados, nos edificios das antigas escolas de Asados. O CRA ocupa tres espazos da nave que dá ao poniente, nun deles está a biblioteca do centro e os outros dous son utilizados para fins administrativos, reunións e encontros de coordinación, formación do profesorado e actividades de animación á lectura.
- **Escola de Cruceiro:** utilízanse as dependencias da antiga Escola vivenda Rosalía de Castro, localizada nos baixos do Edificio do Centro Cultural de Taragoña. Todas as dependencias se utilizan para fins docentes. Os espazos que se refiren están afectados pola Consellería de Educación para utilización docente. Nesta escola hai unha aula fixa e outra habilitada neste curso escolar.
- **Escola de Pazo:** localízase na Escola vivenda de Pazo, no lugar de Campiño Pazo. Ten catro

espazos dous na planta baixa e outros dous na planta alta. Os catro espazos están adicados a actividades docentes. Os espazos que se refiren están afectados pola Consellería de Educación para utilización docente.

- **Escola de Abuin:** sitúase na Escola vivenda de Brión, en Brión Leiro. Consta de catro espazos, dous adicados a docencia e dous manteñen o seu uso de vivenda, unha delas sen uso. Os espazos que se refiren están afectados pola Consellería de Educación para utilización docente. Na actualidade o Concello de Rianxo ten solicitado a desafectación das vivendas. O procedemento está aberto, o informe da dirección do centro, comunicada ao claustro e ao consello escolar é favorable á desfectación.
- **Escola de Rañó:** localízase en dúas edificacións no lugar de Igrexa - Rañó. Consta de tres espazos, dous adicados a función docente e un terceiro que é vivenda, Na actualidade tense autorizado á Comunidade de Montes de Leiro a utilización desta última dependencia para a realización das reunións da xunta directiva. Os espazos que se refiren están afectados pola Consellería de Educación para utilización docente.
- **Escola de Quintáns:** está situada na Escola vivenda de Quintáns, no lugar de Quintáns na parroquia de Isorna, Consta de catro espazos adicados a funcións docentes. Os espazos que se refiren están afectados pola Consellería de Educación para utilización docente.
- **Escola de Capela:** localízase na Escola vivenda de Capela, no lugar de Capela da parroquia de Asados. Consta de catro espazos adicados a funcións docentes. Os espazos que se refiren están afectados pola Consellería de Educación para utilización docente. Para actividades de educación física e celebracións solícitase autorización do concello para o uso do local sociocomunitario de Araño este espazo non ten afectación para a docencia.
- **Escola de Outeiro:** localízase no lugar de Outeiro na parroquia de Taragoña. Hai dúas edificacións separadas, nunha ubicábanse as vivendas, esta edificación na actualidade está desafectada e noutra está a Escola. Esta última edificación consta de dous espazos adicados a función docente e afectados pola consellería para utilización docente. A asociación musical Buxaina, utiliza os locais da escola para ensaiar.

- **Escola de Cuvide:** localízase na Escola de Cuvide, no lugar de Cuvide na parroquia de Taragoña. Consta de dúas aulas adicadas a función docente. Os espazos que se refiren están afectados pola Consellería de Educación para utilización docente.

Todas as aulas contan con recursos materiais como: mesas e cadeiras adaptadas ás idades do alumnado, mesas e cadeiras para o profesorado, ordenador, pizarra dixital, teléfonos móbiles, wifi, biblioteca de aula, estanterías, xogos e material manipulativo. Algunhas das aulas precisan renovación dos equipos informáticos.

Ademais todas as escolas contan con patio exterior, algunhas delas mellor acondicionado ca outros.

4.3.- Recursos económicos

- Orzamento anual ordinario do centro.
- Aportacións das familias para a realización de actividades complementarias.
- Subvención do Fondo Europeo polo proxecto Erasmus +.
- Aportacións da Consellería de Educación para programa definidos: Mellora de Bibliotecas Escolares, Dinamización Lingüística, Plans Proxecta, Contratos Programa e Seccións Bilingües.
- As aportacións da Consellería de Educación para a Formación do Profesorado.
- As aportacións do Concello de Rianxo para o desprazamento dos alumnos e alumnas dentro do termo municipal do concello.
- Aportacións do Programa Voz Natura.

5. CONCRECIÓN ANUAL DO PE

O Proxecto Educativo do CRA de Rianxo enuncia uns principios, obxectivos e prioridades de actuación que prevemos concretar ao longo do presente curso nas seguintes actuacións:

- **Principios de actuación:**

- Proximidade á comunidade educativa.
- Basearse no pluralismo e no respecto aos valores democráticos, fomentando o respecto cara ás distintas ideoloxías, a formación dos seus propios criterios e a capacidade de analizar a realidade para tomar decisións responsables.
- Un clima óptimo de convivencia.
- Cooficialidade nas linguas de aprendizaxe: partindo de que a lingua materna da maioría do alumnado é o galego, tentarase de que ao longo das etapas de infantil e primaria adquiren as competencias nas dúas linguas.
- Igualdade de xénero.
- Educación comprensiva, inclusiva e integral (emocional, cognitiva e física), que ensine a pensar e a valerse por si mesmos (autonomía moral e funcional) e que consiga seres humanos sensibles, activos e responsables que participen e contribúan de forma eficaz na mellora estrutural e funcional dos seus contextos sociais e culturais.
- Globalización das aprendizaxes: evitar a parcelación dos saberes e tender cara un currículo integrado e culturalmente significativo.
- Metodoloxías activas, cooperativas, investigadoras e críticas, necesarias para desenvolver todas as competencias que nos permiten afrontar os rápidos cambios da actual sociedade da información e a tecnoloxía e potencien unha mellora individual e colectiva dos procesos de aprendizaxe e ensinanza.

Na web do centro publicaranse as programacións dos equipos docentes para dalas a coñecer a toda a comunidade educativa.

Neste curso actualízase o Proxecto Educativo.

5.1. Actividades previstas

As tarefas encamiñadas á consecución dos obxectivos serán as deseñadas nas programacións, tanto de aula, departamentos e equipos. Estas contemplarán actividades para a adquisición dos contidos, de destrezas e competencias; así como da avaliación dos estándares de aprendizaxe, reforzo e ampliación, coa finalidade de coñecer o grao dos logros alcanzados, e en consecuencia realizar reflexións, modificacións necesarias e proposta de mellora.

Durante o mes de setembro, na etapa de educación infantil lévase a cabo o período de adaptación así como as entrevistas iniciais.

Ademais tanto nesta etapa como en primaria débese levar a cabo unha avaliación inicial, a fin de coñecer a situación de partida do curso que comeza e revísanse as programacións de aula, introducindo as modificacións oportunas en cada nivel. E máis este curso para poder coñecer cales son os contidos que quedaron sen adquirir do curso pasado debido a situación vivida.

As actividades complementarias e extraescolares inciden positivamente no logro destes obxectivos brindando moitas veces a posta en práctica das aprendizaxes adquiridas.

A organización destas actividades propicia o marco adecuado para favorecer o traballo colaborativo, e o alumnado asuma un grao de responsabilidade maior e a posibilidade de levar á práctica a teoría da aula servindo tamén de referente ao profesorado para comprobar a verdadeira funcionalidade das aprendizaxes.

Os proxectos nos que se involucra o centro, condicionados tamén pola dispoñibilidade horaria do profesorado implicarán obxectivos, contidos, actividades e metodoloxías que lle dan identidade ao PE do noso centro e que redundan positivamente nos aspectos sinalados anteriormente. Todo elo conflúe na adquisición de autonomía, identidade e personalidade do noso centro que favorece ademais a equidade e a igualdade de oportunidades para o noso alumnado que non han de verse mermadas por estar ubicado nun centro rural.

Seguiremos a desenvolver os proxectos: Voz Natura, Clube de Ciencia, PLAMBE, plans proxecta e Contratos Programa.

6. PLAN DE ACTUACIÓN DOS ÓRGANOS COLEXIADOS

Conforme ao previsto no capítulo III "Órganos colexiados de goberno e de coordinación docente dos centros públicos" da *LOMLOE*, constitúen os órganos colexiados de goberno do noso centro, o Claustro e o Consello Escolar. Neste capítulo da *lei*, nos artigos 126 a 129, regúlase a composición e competencias destes órganos colexiados.

6.2. Claustro:

O claustro está composto por todo os mestres e mestras do colexio.

Criterios de reunións:

- Celebrarase unha reunión ordinaria unha vez por trimestre, e, en todo caso, unha ó inicio do curso e outra ó remate do mesmo.
- Celebrarase unha reunión convocada pola directora sempre que sexa considerada necesaria co fin de cumprir coas competencias encomendadas ó Claustro.
- Celebrarase unha reunión sempre que o solicite un tercio, polo menos, dos seus membros.

Calendario das reunións:

- 1º Trimestre:
 - Reunión de inicio de curso (adscripción do profesorado, planificación do inicio de curso e protocolo COVID).
 - Reunión para a aprobación dos horarios docentes.
 - Reunión para a aprobación da Programación Xeral Anual.
 - Reunión para a renovación do Consello Escolar.
- 2º Trimestre:
 - Reunión para tomar coñecemento das Contas Anuais do exercicio de 2022.
 - Reunión para tomar coñecemento do proxecto de presuposto para o exercicio 2023 e para tomar coñecemento e de ser o caso participar na planificación do proceso de admisión do alumnado.

- 3º Trimestre:
 - Reunión para a avaliación da Memoria Xeral do Centro e dos departamentos.

6.2. Consello Escolar

Este órgano recolle os representantes das institucións que interveñen na comunidade educativa e que agrupan e forman o sistema de coordinación dos aspectos organizativos da vida do centro dende a toma de decisións nos ámbitos que lle corresponden en relación á organización do centro, ata o mantemento e bo estado das instalacións.

O obxectivo fundamental será procurar unhas instalacións en bo estado donde as decisións de aspecto organizativo están encamiñadas á adquisición dunha cultura cidadá e democrática que se desenvolve en liberdade exercendo os dereitos e deberes con responsabilidade e participando activa e críticamente de xeito constructivo.

Criterios para as reunións:

- Celebrarase unha reunión en sesión ordinaria unha vez por trimestre e, en todo caso, unha ao inicio e outra ao remate do curso.
- Celebrarase unha reunión convocada pola directora sempre que se considere necesario co fin de levar a cabo as atribucións que ten encomendadas.
- Celebrarase unha reunión sempre que o solicite un tercio polo menos dos seus membros.

Calendario de reunións:

- 1º Trimestre:
 - Reunión para trasladar a información relacionada co protocolo de adaptación á situación COVID do centro e do día non lectivo.
 - Reunión para a aprobación da Programación Xeral Anual e do Programa de Actividades Complementarias.
 - Reunión para a renovación do Consello Escolar.
- 2º Trimestre:

- Reunión para a revisión e aprobación se procede das contas do ano 2022.
- Reunión para a aprobación do proxecto de presuposto para o ano 2023.
- Reunión para a aprobación do procedemento de admisión do alumnado.
- 3º Trimestre:
 - Reunión para a avaliación da Memoria Xeral do Centro.

Composición (elección novembro 2018):

Representación	Apelidos e Nome
Presidente	Vázquez de la Iglesia, María
Xefa de estudos	Deira Mougán, Paula María
Secretaria	Piñeiro García, Celia
Representantes do profesorado	Álvarez Barreiro, Laura Jiménez López, Mario Castro Moares, Ana Alicia Figueiras Martínez, Baltasar Varela Abuín, María
Representante da ANPA	Rial Lago, Óscar
Representantes dos pais/nais	Carou Figueira, Sara Fernández Quintáns, María Rey Blanco, Yolanda Rodríguez Rial, Sandra
Representante do Concello	Ordóñez Figueira, Xusto Xosé
Representante do Persoal de Administración e Servizos	Iglesias Tubío, Eva

- Dentro do Consello Escolar están constituídas as diferentes comisións: económica, de convivencia e de biblioteca.

Data de renovación: no mes de novembro producírase a renovación parcial do Consello Escolar.

6.3.- Comisión de Coordinación Pedagóxica

A comisión de Coordinación Pedagóxica está constituída pola directora, xefa de estudos, orientadora, coordinadora de Educación Infantil e 1º ciclo de Educación Primaria, coordinador do EDLG, responsable da Biblioteca e o profesorado de PT e AL.

Composición da Comisión de Coordinación Pedagóxica 2022-2023:

Presidenta	Vázquez de la Iglesia, María
Xefa de estudos	Deira Mougán, Paula María
Orientadora	Figueiras Martínez, Baltasar
Coordinadora Educación Infantil	Triñanes Rial, Verónica
Coordinadora do 1º ciclo de Educación Primaria	Mansilla Romero, María José
Pedagogía Terapéutica	Vázquez de la Iglesia, María
Audición e Linguaxe	Deira Mougán, Paula María
Coordinador EDLG	García Lorenzo, Pablo
Responsable Biblioteca	Conde Herrezuelo, Teba

Obxectivos:

- Coordina-la elaboración das programacións didácticas e a implementación daqueles aspectos concretos que impliquen ao conxunto do centro
- Potenciar e apoiar a implementación de medidas de atención á diversidade.
- Coordinar e secuenciar as propostas de traballo dos diferentes equipos docentes.
- Elaborar suxestións para o Plan de acción tutorial e o Plan de orientación.
- Colaborar no fomento dun clima de convivencia positiva.
- Promover a innovación pedagóxica, o traballo interdisciplinar, a dinamización Tic e o traballo cooperativo do profesorado.

Actividades previstas:

- Análise e revisión dos documentos de programación elaborados no centro: coherencia e adecuación de obxectivos, contidos e criterios de avaliación.
- Elaboración do calendario de sesións de avaliación.
- Seguimento do plan de actuación para a atención á diversidade.
- Análise de necesidades de cara ó plan de orientación e á acción titorial.
- Seguimento e avaliación do Plan de Acción Titorial e do Plan de Orientación.
- Análise, valoración e, formular propostas de documentos relacionados coa convivencia.
- Organización de xornadas de convivencia ou “portas abertas a familias”.
- Charlas con nais e pais de alumnado.
- Revisar e actualizar o Plan de Convivencia.
- Revisar o PE realizando as concrecións correspondentes.
- Revisar o Plan de igualdade.

6.4.- Departamento de Orientación

Introdución:

O Plan Anual de Actividades do Departamento de Orientación (PAADO) é o documento institucional que recolle a programación anual do Departamento de Orientación (DO) e ten por obxecto coordinar a resposta ás necesidades de orientación educativa dos diferentes membros da comunidade educativa de cara a un curso escolar. Con este fin xorde o presente plan, que toma como referente o Plan de Orientación do centro e, por ende, o Plan de Acción Titorial (PAT) e o Plan Xeral de Atención á Diversidade (PXAD), o cal se atopa en proceso de revisión durante este curso académico.

A LOMLOE reconece a diversidade de cada alumno e alumna e salienta a necesidade de recoñecer as capacidades e habilidades de cada un. Ao mesmo tempo, destaca a importancia da educación como facilitadora do desenvolvemento persoal e a integración social.

O PAADO xorde tamén da realidade escolar do noso centro, tratando de cumprir os seguintes **principios**:

- A orientación é un dereito do alumnado que se debe ofrecer ao longo de toda a escolaridade.
- O ámbito de intervención trascende ao do alumnado con necesidade específica de apoio educativo (ANEAE) para abranguer a toda a poboación escolar e adaptarse á súa diversidade, sen esquecer os restantes membros da comunidade educativa: a familia, o profesorado e a contorna social.
- A orientación debe ser unha tarefa colaboradora entre os distintos profesionais implicados que optimice a utilización dos recursos internos e externos existentes.
- O profesional da orientación debe asumir o rol de dinamizador do contexto socio – educativo, e o DO debe garantir que esta forme parte esencial da actividade educativa e que se establezan vías de asesoramento permanente ao alumnado e aos demais membros da comunidade educativa.

Este é un plan que tenta ser global, organizado, planificado, comprensible e claro. Pretende ser coherente coa realidade do noso centro e con todos os documentos de organización e xestión do mesmo, servindo deste xeito como punto de referencia estable do profesorado, vertebrando as actuacións ao longo do curso e dando continuidade ás mesmas en cursos sucesivos.

É un plan flexible, aberto, revisable e modificable, o cal permite acoller calquera necesidade que poida aparecer, tendendo sempre á mellora e á calidade educativa.

- Servizos Sociais:

O ámbito de traballo do centro de Servizos Sociais do concello de Rianxo é especialmente significativo para todas as persoas relacionadas dalgún xeito co traballo educativo. Para o CRA de Rianxo e, concretamente, para o DO do centro, este servizo é especialmente importante polas funcións e traballos que asume, e que se vinculan moi directamente coa educación e coa atención á diversidade. Algúns dos servizos educativos que ofrecen son: orientación familiar, estimulación precoz, prevención de drogodependencias, obradoiro de igualdade, obradoiro de manualidades,

asistencia e asesoramento xeral no ámbito dos Servizos Sociais.

O Departamento de Orientación:

De acordo co *Decreto 120/1998, do 23 de abril, que regula a orientación educativa e profesional en Galicia*, créase un DO que abrangue no seu ámbito de actuación todas as escolas pertencentes ao CRA de Rianxo, estando coordinado por unha mestra responsable da orientación educativa, que exerce as súas funcións como xefa do departamento.

Seguindo a *Orde do 24 de xullo de 1998 que establece a organización e funcionamento da orientación en Galicia*, en canto á estrutura organizativa, neste curso académico 2022/2023 o DO está composto por:

Xefe do DO	Figueiras Martínez, Baltasar.
Mestra especialista en PT e directora	Vázquez de la Iglesia, María.
Mestra especialista en AL e Xefa de estudos	Deira Mougán, Paula María.
Coordinadora do 2º ciclo de Educación Infantil	Triñanes Rial, Verónica.
Coordinadora do 1º ciclo de Educación Primaria	Mansilla Romero, María José.

Este departamento, así como os seus membros, ten establecidas unha serie de funcións que se recollen na citada *Orde do 24 de xullo de 1998*.

En canto ao calendario de reunións, tal como se establece na normativa, unha vez ao mes manteranse reunións do DO con todos os seus membros, e, ademais, todos os luns de 12:20 horas a 13:05 horas, daranse reunións de coordinación entre a xefatura do DO e as mestras especialistas en PT e AL.

Alumnado:

No presente curso académico están matriculados 89 alumnos e alumnas, dos cales máis do 90% son galego falantes.

En canto ao alumnado atendido directamente polas especialistas do Departamento de Orientación, indicar que neste curso comezan a súa escolaridade varios alumnos/as con NEE

diagnosticados polo SERGAS e EOE. Ademais contamos con alumnado que presenta dislalias, e dificultades específicas de aprendizaxe.

Familias:

• **Trazos de identificación:**

- Incidencia significativa das formas de organización familiar distinta á tradicional (20%).
- Pais e nais con predominio de idades da adultez (entre os 30 e os 40 anos).
- Nivel formativo lixeiramente maior nas nais.
- Permanencia importante dos avós nos domicilios.
- Maior paro feminino que masculino.
- En xeral, boas dotacións nas vivendas.
- Boa relación co contorno e coa escola.
- Boa comunicación cos fillos e fillas.

• **Indicadores organizativos significativos:**

- Importante incidencia da ANPA como forma de organización dos pais e nais e importante participación nas súas actividades.
- Valórase como importante na actividade educativa o trato aos nenos e nenas, as aprendizaxes e a seguridade.
- Existen bos niveis de satisfacción en canto á integración, á facilidade para comunicarse co profesorado, á utilidade das aprendizaxes, ao tratamento dos problemas, á convivencia,...
- Valórase de xeito importante o inicio nas linguas estranxeiras.
- Valórase satisfactoriamente a xornada continua en sesión de mañá.

• **Percepción de deficiencias:**

- Estado das edificacións.

- Limpeza das escolas.
- Seguridade nos patios das escolas.

Análise de necesidades:

- **Necesidades educativas:**

A información sobre as necesidades educativas do centro obterémola a través de diversos instrumentos e procedementos, entre eles destacamos a análise dos documentos do centro: a Memoria Xeral Anual, o Proxecto Educativo, os obxectivos cara o vindeiro curso propostos polo equipo directivo, a Memoria Final do DO,...

Ademais non podemos esquecer que para detectar correctamente as necesidades, non só no momento inicial do curso senón no transcurso do mesmo, será necesario coñecer as inquiredanzas do profesorado a través das reunións cos titores e titoras, así como a través das comisión de coordinación pedagóxica (CCP), Claustros, sesións de avaliación,...

As reunións que se establecen ao principio de curso coas familias son tamén un momento propicio para recoller as expectativas e inquiredanzas das nais e pais, tanto no relativo ao funcionamento do centro como á formación dos seus fillos e fillas.

- **Accións prioritarias:**

Tomando en consideración o recollido na *Circular 10/2010 das Direccións Xerais de Ordenación e Innovación Educativa, de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais*, pola que se ditan instrucións para unificar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional das ensinanzas escolares de Galicia, teremos en conta as seguintes accións prioritarias.

Relacionadas coa inclusión e a diversidade:

- Asesorar ao equipo directivo sobre o contido do proxecto educativo e os documentos que o integran, especialmente sobre as medidas de atención á diversidade e a acción tutorial.
- Elaborar e poñer en práctica programas destinados á prevención e detección precoz de

dificultades de aprendizaxe.

- Axustar as propostas de apoio educativo á realidade de cada alumna e alumno, con intervencións inclusivas e orientadas a potenciar a aprendizaxe do alumnado.
- Asesorar ao profesorado no proceso de axuste e desenvolvemento das concrecións curriculares, das programacións, das medidas de reforzo e nas adaptacións curriculares significativas.
- Facilitar asesoramento a toda a comunidade educativa sobre as diferentes medidas e recursos para a atención do alumnado con necesidade específica de apoio educativo.
- Todas as medidas de atención á diversidade estarán recollidas no Plan Xeral de Atención á Diversidade elaborado polo DO e aprobado polo Claustro e Consello Escolar.

Relacionadas coa acción tutorial:

- Colaborar co profesorado tutor no desenvolvemento das medidas contempladas no PAT, asesorando á totalidade da comunidade educativa sobre o sistema educativo, as accións de acollida, os cambios de centro e a participación na organización e no goberno nos centros.
- Colaborar co equipo docente no deseño e elaboración de protocolos para a realización da avaliación inicial do alumnado.

Relacionadas coa convivencia e a educación en valores:

- Diseñar e poñer en práctica programas destinados á promoción da convivencia e á resolución pacífica dos conflitos, asesorando na elaboración do Plan de Convivencia do centro.
- Asesorar á comunidade educativa sobre a elaboración e aplicación das normas de organización e funcionamento.

Relacionadas co Plan de Orientación e a Memoria de final de curso:

- Manter actualizado o Plan de Orientación e as actuacións previstas para o curso, os seus

destinatarios, os responsables da súa execución e a temporalización correspondente.

- Realizar a memoria final de curso, cunha axeitada fundamentación das propostas de mellora que procedan para o curso seguinte.

Relacionadas cos procesos de avaliación e calidade:

- Colaborar nos diferentes procesos de avaliación do centro, nos termos que se establezan.
- Asesorar á totalidade da comunidade educativa sobre proxectos de mellora e calidade do sistema educativo.

Relacionadas co DRDorienta e o DRDadi:

- Facilitar, en forma e en prazo, a información que se demanda nas aplicacións informáticas DRDorienta e DRDadi.

Obxectivos:

• Con respecto ao centro:

- Colaborar na elaboración e revisión dos diversos documentos do centro: PE, Concrecións Curriculares e Programacións Didácticas.
- Contribuír á dinamización da planificación e organización educativa.
- Potenciar a coordinación e cooperación entre o centro e as familias, facéndoas partícipes daqueles aspectos da orientación educativa nos que poden incidir en maior medida.
- Colaborar na promoción da convivencia e na resolución pacífica de conflitos.
- Organizar os recursos persoais e materiais do centro, co fin de facilitar unha resposta educativa axeitada a todo o alumnado, prestando especial atención aos que presentan NEAE.

• Con respecto ao profesorado:

- Establecer canles e pautas de colaboración entre os diversos profesionais que interveñen coas alumnas e cos alumnos con NEAE.

- Coordinar a actuación dos mestres titores ou das mestras titoras, as mestras de AL e de PT e mestres/as de apoio coa orientadora, de cara a dar resposta ás necesidades do alumnado.
- Colaborar no proceso de avaliación educativa, formativa e continua de cada grupo de alumnos, así como informar ás súas familias.
- Colaborar co profesorado nas tarefas de acción tutorial e orientación educativa.
- Apoiar na actuación do profesorado, asesorando e proporcionando información sobre recursos, medios, materiais e estratexias metodolóxicas, que poidan favorecer a súa labor docente.
- Asesorar aos docentes, se é preciso, sobre a práctica educativa telemática na atención á diversidade.
- Con respecto ao alumnado:
 - Identificar as dificultades e potencialidades das alumnas e dos alumnos, o máis cedo posible, concretando as pautas de actuación e medidas para a súa atención.
 - Proporcionar ao alumnado unha resposta educativa axeitada e de calidade que lle permita alcanzar o maior desenvolvemento persoal e social e posibilitar o acceso ao currículo de todo o alumnado.
 - Diseñar respostas educativas para o alumnado con NEAE.
 - Identificar posibles necesidades orixinadas pola situación de pandemia en coordinación cos titores/as, establecendo accións para a atención a ditas necesidades.
 - Favorecer a integración do alumnado no seu grupo e no conxunto da dinámica escolar buscando a maior normalización posible.
 - Levar á práctica un deseño funcional de orientación educativa e da acción tutorial con fins preventivos, compensadora e de desenvolvemento persoal.
- Con respecto ás familias:

- Fomentar a participación das familias e implicalas no proceso educativo das súas fillas e dos seus fillos.
- Promover actividades informativas e orientadoras que impliquen ás familias na consecución dos obxectivos educativos marcados.
- Establecer contactos periódicos coas familias de forma individual ou colectiva, co fin de asumir conxuntamente a orientación educativa das súas fillas e dos seus fillos.
- Informar e asesorar ás familias do alumnado con necesidades específicas.

Estratexias de intervención:

As pautas de actuación do DO están fundamentadas nos principios básicos da orientación educativa:

- **Prevención:** tratando de facer unha detección precoz das necesidades, actuando antes de que xurda o problema para reducir consecuencias.
- **Planificación:** imprescindible para evitar a improvisación e para acadar os fins propostos.
- **Cooperación:** establecendo un clima de colaboración e cooperación entre todos os axentes que interveñen no proceso educativo (profesorado, alumnado, familias, servizos externos ao centro,...).
- **Sistematización:** optando por unha orientación que non só considera ao alumno/a de xeito individual, senón tamén os problemas ou necesidades que poidan xurdir nos diferentes ámbitos nos que está inmerso o alumnado (entorno social, escolar e familiar).
- **Desenvolvemento persoal:** destinado a conseguir o desenvolvemento integral da persoa.
- **Intervención social:** intervindo non só sobre o alumnado senón sobre toda a comunidade educativa e adaptándose ao contexto social no que está inmerso.
- **Curricularidade:** a orientación debe estar integrada no currículo e formar parte das diferentes áreas ou materias que o configuran.

Dende o DO levaremos a cabo **dous tipos de intervencións:**

- Intervención indirecta: neste tipo de intervención non se ten contacto cos alumnos/as, máis ben trátase de ofrecer pautas de intervención tanto ás familias como aos profesionais que traballan co alumnado. É unha intervención sistemática que abarca os diferentes ambientes nos que se desenvolve o neno e a nena.
- Intervención directa: neste tipo de intervención prodúcese un trato directo co alumnado, tendo por finalidade a recollida de información ou de apoio específico, o cal se levará a cabo preferentemente dentro da aula ordinaria (con todo o grupo ou pequenos grupos), aínda que en certos casos sexa necesario realizalo fóra da aula ordinaria (individual ou pequeno grupo).

Recursos:

• Recursos humanos:

- Internos ao centro: os 19 mestres/as que compoñen o claustro e coidadora.
- Externos ao centro: Equipo de Orientación Específico (EOE), Servizo de Inspección Educativa, orientadores/as dos outros centros do concello, Centro de Formación e Recursos, equipo de Atención Temperá, Servizos Sociais, diferentes asociacións,...

• Recursos materiais:

Como recursos xerais dispoñemos daqueles relacionados co espazo físico e mobiliario, tendo un local propio para o DO na sede do CRA, así como material non funxible (ordenador con rede, fotocopiadora,...) e funxible (folios, material escolar e de oficina,...)

Como material específico o DO dispón de escalas, enquisas e protocolos de recollida de información e valoración, probas e test estandarizados de avaliación, manuais, programas, guías, libros de consulta e material de reforzo e apoio.

• Recursos organizativos:

O DO mantén reunións mensuais ás que acoden todos os seus membros. Ademais, todos os

luns, en horario de 12:20 horas a 13:05 horas, a orientadora, a especialista en PT e a especialista en AL manteñen unha reunión de coordinación co fin de levar un seguimento dos ANEAE e a intervención cos mesmos.

Tamén se contemplan as necesarias reunións coas familias cando é preciso, así como coas diferentes titoras e titores.

Temporalización:

- Apoio ao Plan de Acción Titorial (PAT):

Actuación	Responsable/s	Destinatario/s	Temporalización
Elaboración do PAADO.	Xefa do DO	Comunidade Educativa	Setembro
Asesoramento e colaboración na avaliación inicial do alumnado.	Xefa do DO	Profesorado	1o Trimestre
Asesoramento e facilitación de materiais e apoios para o desenvolvemento da acción titorial.	Xefa do DO	Profesorado	Todo o curso
Asesoramento e colaboración nas accións puntuais e imprevistas relacionadas co desenvolvemento da función titorial (entrevistas coas familias, resolución de conflitos,...).	Xefa do DO	Comunidade Educativa	Todo o curso
Asesoramento pedagóxico sobre a práctica educativa telemática, ofrecendo recursos e materiais que a apoiem e	Xefa do DO	Titores/as Mestres/as especialistas	Todo o curso



favorezan.			
Fomento da colaboración e relación titor/a – familia e dunha maior implicación desta última na educación e orientación do seu fillo ou filla.	Xefa do DO	Titores/as Familias	Todo o curso
Participación nas sesións de avaliación.	Xefa do DO Membros do DO que prestan atención ao alumnado avaliado	Equipo docente	Ao remate de cada trimestre
Elaboración da Memoria Final Anual do DO.	Xefa do DO	Comunidade Educativa	Ao remate do curso escolar

• Apoio ao Plan Xeral de Atención á Diversidade (PXAD):

Actuación	Responsable/s	Destinatario/s	Temporalización
Solicitud da Axuda para alumnado con necesidade específica de apoio educativo.	Xefa do DO	Alumna con NEAE	Setembro
Elaboración/revisión dos diferentes protocolos a empregar no DO: entrevistas co alumnado, as familias e o profesorado; autorizacións dos pais para a avaliación psicopedagóxica, os reforzos,...	Xefa do DO	Comunidade Educativa	Setembro
Revisión dos expedientes do alumnado con NEAE que estaba recibir apoio por	Xefa do DO Especialistas en PT e AL	Alumnado con NEAE	Setembro



parte das especialistas en PT e/ou AL o curso pasado e dos que estaba prevista a súa incorporación neste curso.			
Organización dos apoios das especialistas en PT e AL.	Xefa do DO Especialistas en PT e AL	Alumnado con NEAE	Setembro
Recollida de estatísticas de atención á diversidade na aplicación DRDadi.	Xefa do DO		Primeiro trimestre
Asesoramento en relación á posta en práctica dos reforzos realizados dentro da aula polo profesorado con dispoñibilidade horaria.	Xefa do DO	Titores/as	Todo o curso
Realización da avaliación psicopedagóxica para o alumnado que se demande e redacción do correspondente informe psicopedagóxico.	Xefa do DO	Alumnado con NEAE	Todo o curso
Actualización das avaliacións psicopedagóxicas do alumnado que o precise	Xefa do DO	Alumnado con NEAE	Todo o curso
Revisión e modificación, se é preciso, das medidas de atención á diversidade que está a recibir o alumnado e establecemento de medidas de atención á diversidade ao alumnado con	Xefa do DO Titores/as Especialistas en AL e PT	Alumnado	Todo o curso



NEAE que se detecte			
Solicitud de intervención do EOE nos casos que sexa preciso.	Xefa do DO	Comunidade Educativa	Todo o curso
Asesoramento sobre as necesidades educativas do alumnado con NEAE e sobre estratexias e recursos para a súa atención.	Xefa do DO Especialistas en AL e PT	Profesorado	Todo o curso
Identificación das necesidades do alumnado en xeral e, en particular, dos ANEAE orixinadas pola situación de pandemia.	Xefa do DO	Alumnado	Primeiro trimestre
Colaboración periódica con axentes externos que atenden a algún dos alumnos/as do centro (gabinetes logopédicos, SERGAS,...)	Xefa do DO	Comunidade Educativa	Todo o curso
Recollida de estatísticas de orientación na aplicación DRDorienta.	Xefa do DO		Xuño – xullo

- Apoio ao Plan de Orientación Académica e Profesional:

Actuación	Responsable/s	Destinatario/s	Temporalización
Colaboración e asesoramento no caso de período de adaptación do novo alumnado ao centro.	Xefa do DO	Titores/as Alumnado de novo ingreso	Setembro ou, no caso de escolarización fóra



Colaboración na avaliación inicial do mesmo.			de prazo, no momento da mesma.
Asesoramento ás familias do alumnado que inicia a escolarización que así o demanden sobre o funcionamento do centro e o modo de levar a cabo a adaptación ao mesmo.	Xefa do DO	Familias Alumnado	Setembro-outubro
Asesoramento ás familias do alumnado que comeza a EP que así o demanden sobre as características a etapa.	Xefa do DO	Familias Alumnado	Setembro-outubro
Mellora da comunicación e colaboración entre as etapas de EI e EP, establecendo pautas conxuntas de actuación.	Xefa do DO	Titores/as	Todo o curso
Establecemento de reunións coas xefaturas dos DO dos outros centros educativos do concello.	Xefatura dos DO dos diferentes centros educativos.	Comunidade Educativa	Sempre que sexa preciso, sendo aconsellable unha por trimestre.
Informe final do alumnado que remata a EI ou o 2º nivel da EP.	Titores/as	Orientador/a do centro de destino	

Seguimento e avaliación do PAADO:

A avaliación enténdese coma un proceso de recollida de información e análise, para emitir xuízos que permiten tomar decisións, isto é, un proceso de reflexión, comprensión e mellora.

Para avaliar o PAADO, faremos unha avaliación continua e formativa ao longo do curso, nas

reunións previstas no DO, así como nas reunións establecidas no calendario. Nestas reunións, se fose necesario, adoptaranse medidas correctoras.

Ao remate do curso escolar, e coincidindo co final do terceiro trimestre, farase unha avaliación final baseada nos seguintes aspectos:

- Grao de consecución dos obxectivos propostos.
- Grao de adecuación das actividades.
- Grao de adecuación dos recursos.
- Grao de participación.
- Grao de satisfacción dos implicados.
- A atención das demandas recibidas.
- Efectos conseguidos e non previstos.

Dos datos obtidos extraeranse as conclusións para elaborar a Memoria Final de Orientación.

Esta información, así como as propostas de mellora, recolleranse en dita memoria e servirán como punto de partida para a elaboración do PAADO do curso seguinte.

7. PLAN DE ACTUACIÓN DO EQUIPO DIRECTIVO

Dado o número de unidades do centro, once, o equipo directivo está formado por:

- Directora: María Vázquez de la Iglesia
- Xefa de estudos: Paula María Deira Mougán
- Secretaria: Celia Piñeiro García

Sinalar que o equipo directivo tomou posesión o 01 de xullo de 2021 e o seu mandato é por dous cursos académicos, ata o 30 de xuño de 2023.

O equipo directivo actuará de forma colexiada, tanto na elaboración de propostas coma na toma de decisións.

Será un axente dinamizador da vida do centro en todos os ámbitos e en toda a comunidade, profesorado, familias, alumnos e alumnas.

Asumirá os principios que identifican o centro como Colexio Rural Agrupado e comprometerase con todas aquelas iniciativas que servan para mellorar o traballo educativo no noso centro dende os principios de identificación dos CRA de Rianxo.

Intervirá de forma activa para ter unha relacións óptimas coa contorna e con todos os axentes institucionais e educativos próximos: concello, centros receptores, asociacións e entidades culturais, asociacións veciñais, comunidades de montes.

Os principios para a toma de decisións serán a transparencia, a comunicación próxima con toda a comunidade, o fomento da participación activa de toda a comunidade, o compromiso cos procedementos democráticos, o respecto á diversidade e á pluralidade.

Polo menos unha vez á semana os membros do equipo directivo celebrarán unha reunión de coordinación para programar e avaliar as tarefas e o traballo ordinario.

7.1. Horario de garda do Equipo directivo e atención ao público

Horas	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
09:00 – 09:50	Secretaria				Dirección
10:00 – 10:50			Secretaria		Dirección
11:00 – 11:50					X. de Estudos Dirección
11:50 – 12:20	Recreo				
12:20 – 13:05		X. de Estudos Secretaria Dirección			X. de Estudos Dirección
13:15 – 14:00	Secretaria	X. de Estudos			



XUNTA DE GALICIA
Consellería de Educación e
Ordenación Universitaria

CRA de Rianxo

Atalaia Asados – 15984 Rianxo
Tlfno.: 981863305 - 629650523
cra.rianxo@edu.xunta.gal



	X. de Estudos	Secretaria			
		Dirección			

8. XORNADA ESCOLAR E HORARIOS DO CENTRO

8.1. Horario xeral do centro

09:00 a 14:00 horas

A xornada escolar é da seguinte maneira:

HORA	SESIÓN
09:00 – 09:50	1ª Sesión
10:00 – 10:50	2ª Sesión
11:00 – 11:50	3ª Sesión
11:50 – 12:20	Recreo
12:20 – 13:05	4ª Sesión
13:15 – 14:00	5ª Sesión

8.2. Horario das horas “complementarias fixas”

- Todos os días de 08:48 a 09:00 horas: actividades de organización e ventilación.
- Todos os días de 14:00 a 14:12 horas: actividades de organización e ventilación.
- Os martes de 16:00 a 18:00 horas: reunións de equipos, ciclos, CCP, DO e claustros que se van alternando semanalmente.
- Os martes de 18:00 a 19:00 horas: atención a familias.

8.3. Modificación do calendario escolar

O concello de Rianxo establece como días festivos locais para o curso 2022-23 o venres 16 de setembro de 2022.

O outro día non lectivo de elección propia no centro, e coordinándose co resto de centros do concello sería o martes 02 de maio de 2023.

8.4. Gardas de clase e vixilancia nos recreos

8.4.1. Gardas de clase

Sempre e cando o horario lectivo do profesorado non sexa completo, este asumirá gardas de clase semanais.

Pola situación orográfica do noso centro, é moi difícil que un titor/a substitúa a outro nunha hora concreta; polo que as horas de garda que teñen as titorías serán para cubrir faltas de especialistas nas súas propias aulas. O resto de ausencias cubriríaaas o profesorado de apoio.

En caso de ausencia prevista, todo o profesorado deberá deixar organizado o traballo do grupo-clase.

8.4.2. Gardas de recreo

Como norma xeral durante os periodos de recreo, permanecerán cos alumnos e alumnas as profesoras titoras/es e/ou o profesorado especialista que lle corresponda por horario.

Salvo situación excepcionais, sempre estará un profesor/a por aula no tempo de recreo.

9. CALENDARIO DE REUNIÓN

Este é o calendario das reunións programadas parao curso 2022/2023, o cal pode ser modificado por necesidades do centro:

1º TRIMESTRE

DATA	TEMÁTICA	OBSERVACIÓNS	PRESENCIAL/ TELEMÁTICA
1 setembro	(12:00) Reunión inicial de curso e claustro ordinario.	Adscrición Protocolo Covid	Presencial
2 setembro	(10:00) Ciclos EI e EP (11:30) Equipos (13:00) DO e CCP	Inicio de curso e programacións de aula	Presencial
6 setembro	(09:30) Claustro Ordinario (12:00) Consello	Horarios Período de adaptación 4º EI Protocolo COVID Día non lectivo	Presencial
13 setembro	(16:00) Reunión xeral		Presencial
20 setembro	(16:00) Reunión xeral (17:00) Formación páxina web		Presencial
27 setembro	(16:00) Ciclos. (17:00) Reunión xeral		Presencial
4 outubro	(16:00) Equipos (17:00) Reunión xeral	Biblio: biblio EDLG: sala mestres TICS/WEB: local social Erasmus+: local social EACE: dirección	Presencial
11 outubro	(16:00) CCP e orientación (16:30) Claustro (17:45) Consello Escolar	PXA	Presencial

18 outubro	(16h) Traballo individual (17:00) Reunión xeral		Presencial
25 outubro	(16:00) Ciclos (17:00) Reunión xeral		Presencial
8 novembro	(16:00) Equipos (17:00) Reunión xeral	Local social	Presencial
15 novembro	(16:00) CCP e Orientación (17:00) Reunión xeral		Presencial
22 novembro	(16:00) Claustro (18:00) Consello Escolar		Presencial
29 novembro	(16:00) AVALIACIÓN		Presencial
13 decembro	(16:00) AVALIACIÓN		Presencial
20 decembro	Xuntanza Nadal		

2º TRIMESTRE

DATA	TEMÁTICA	OBSERVACIÓNS	PRESENCIAL/ TELEMÁTICA
10 xaneiro	(16:00) Equipos (17:00) Reunión xeral		Presencial
17 xaneiro	(16:00) Ciclos (17:00) Reunión xeral		Presencial
24 xaneiro	(16:00) CCP Orientación (17:00) Reunión xeral		Presencial
31 xaneiro	(16:00) Claustro (18:00) Consello escolar		Presencial
7 febreiro	(16:00) Equipos (17:00) Reunión xeral		Presencial
14 febreiro	(16:00) Ciclos (17:00) Reunión xeral		Presencial
28 febreiro	(16:00) CCP Orientación (17:00)	- Orzamentos	Presencial

	Reunión xeral		
7 marzo	(16:00) Claustro (18:00) Consello escolar	-Admisión	Presencial
14 marzo	(16:00) Ciclos (17:00) Reunión xeral		Presencial
21 marzo	(16:00) AVALIACIÓN		Presencial
28 marzo	(16:00) AVALIACIÓN		Presencial
5 abril	(16:00) Reunión xeral		Presencial

3º TRIMESTRE

DATA	TEMÁTICA	OBSERVACIÓNS	PRESENCIAL/ TELEMÁTICA
19 abril	(16:00) Ciclos (17:00) Reunión xeral		Presencial
26 abril	(16:00) Equipos (17h) Reunión xeral		Presencial
3 maio	(16:00) CCP Orientación (17:00) Reunión xeral	Proceso admisión	Presencial
10 maio	(16:00) Claustro (18:00) Consello escolar		Presencial
24 maio	(16:00) Ciclos (17:00) Reunión xeral		Presencial
31 maio	(16:00) Equipos (17:00) Reunión xeral		Presencial
7 xuño	(16:00) AVALIACIÓN	-Matrícula -Fondo libros -Fin de curso	Presencial
14 xuño	(16:00) AVALIACIÓN		Presencial
21 xuño			

* Ás reunións da Comisión de Coordinación Pedagóxica (CCP) asistirán a xefa de estudos, o/a coordinador/a do ciclo de infantil e do 1º ciclo de EP, do equipo de D.L.G. e Biblioteca, o orientador, PT e AL.

* O profesorado que non teña ningunha reunión convocada reunirse en ciclos ou equipos,

segundo necesidades.

* O calendario poderá ser modificado por necesidades do centro.

10. PROXECTOS DE INNOVACIÓN EDUCATIVA

10.1. Programa de Estimulación na Linguaxe Oral e prevención de dificultades na educación infantil (PELO)

Deseñar un programa de intervención, estimulación ou prevención da linguaxe oral supón partir sempre dunha análise da realidade ou da situación. Neste caso presentarei un programa de estimulación da linguaxe oral e prevención de dificultades na Educación Infantil.

Obxectivos:

Así pois o obxectivo xeral do mesmo é estimular a linguaxe oral para previr posibles dificultades no mesmo que pode desglosarse en:

- Prever posibles dificultades na linguaxe dos nenos/as.
- Desenvolver o coñecemento e control dos elementos corporais que se utilizan para a comunicación oral.
- Utilizar a linguaxe funcionalmente como vehículo de comunicación positiva nas interaccións sociais.

Obxectivos específicos:

- Desenvolver as habilidades cognitivas básicas (atención, imitación, percepción, razoamento e memoria).
- Favorecer a coordinación fonorrespiratoria.
- Acadar unha discriminación auditiva adecuada.
- Traballar as praxias e articulación dos fonemas.
- Aumentar o vocabulario comprensivo e expresivo favorecendo a estruturación sintáctica.
- Potenciar o uso da linguaxe.
- Exercitar o sentido rítmico e as nocións espazo-temporais.
- Instaurar habilidades sociais favorecendo unha identidade persoal positiva equilibrada.

Temporalización:

Este programa terá unha duración dun curso escolar durante unha sesión semanal en cada

aula de Educación Infantil.

Metodoloxía:

Indicar tamén que en todo momento a práctica educativa guíase por uns principios metodolóxicos que se presentan a continuación:

- Crear un clima de confianza e seguridade.
- Realizar actividades lúdicas, cortas e variadas.
- Realizar actividades significativas, funcionais e progresivas.
- Fomentar a participación activa dos alumnos/as.
- Potenciar a interacción social entre os alumnos/as, respectando as medidas de seguridade e hixiene.
- Adecuar o programa ao ritmo de aprendizaxe e evolución de los alumnos/as.
- Traballar dende una perspectiva multisensorial e ter en conta o carácter globalizador, así como, procurar a xeralización.

10.2. Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares (PLAMBE)

Este curso xirará entorno ao “Monte Vivo”.

Introdución:

Ao longo de todo o curso desenvolverase un proxecto multidisciplinar sobre os contos para unha educación máis creativa, inclusiva e transformadora da sociedade.

Este proxecto servirá como centro das diferentes actividades que se leven a cabo por parte do profesorado a nivel de aula, equipos docentes ou nos equipos de traballo, e serán incluídas nas diferentes programacións.

Será o núcleo sobre o que xirarán as diferentes actividades e propostas escolares para o curso 2022-2023 e todas as conmemoracións celebradas no ámbito escolar.

Procuraremos que toda a comunidade escolar (alumnado, profesorado, persoal non docente, nais e pais, servizo de comedor, concello, ...) comparta este proxecto e participe activamente en todas as actividades que se desenvolvan.

Durante o presente curso seguiremos a traballar en diferentes tipoloxías de texto, que se abordarán en todas as aulas.

O equipo de Biblioteca estará coordinado con todos os equipos do centro: EDLG, TICS, Complementarias e Voz Natura.

Contos, por que e para que?

Os contos son fundamentais no desenvolvemento dos nenos e nenas, sobre todo nas etapas que engloban o noso centro. Ademais este curso, coa situación na que estamos consideramos que os contos poden axudarnos a viaxar, a deixar voar a imaxinación e a traballar as emocións.

O emprego de contos xustifícase como un abano grande de diferentes rexistros onde o alumnado poida aprender a comunicarse, a plasmar as súas ideas, a escoitar e a crear os seus propios contos.

Destinatarios:

Todo o alumnado, profesorado e o resto da comunidade educativa..

Competencias:

Con este proxecto pretendemos que o alumnado adquira as competencias clave:

- Competencia en comunicación lingüística:
 - Busca, recompilación e procesamento da información, utilizando diferentes tipos de textos con intencións comunicativas ou creativas.
 - Desenvolve a linguaxe oral a través da memorización de frases representativas de cada personaxe.
 - Desenvolve a linguaxe escrita mediante a elaboración ou reescritura de contos.
 - Expresa ideas e sentimentos que nos transmiten os diferentes contos.
 - Fai uso da biblioteca como fonte de información e pracer.
 - Desenvolve o sentido crítico fronte á realidade que rodea ao alumno.
- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía:
 - Sitúase no tempo e no espazo a través dos contos.
 - Resolve problemas e é capaz de aplicalos ás situacións da vida cotiá.
 - Aprende conceptos como: horario, o paso do tempo e numeración.

- Adquire conceptos matemáticos como: moito-pouco, grande-pequeno, cálculos sinxelos e aproximacións.
- Competencia dixital:
 - Usa as tecnoloxías para elaborar, reproducir e representar contos.
 - Busca información sobre escritores, ilustradores,...e diferentes versións dos mesmos.
- Aprender a aprender:
 - Asume riscos e aprende dos erros, favorecendo a reflexión.
 - Acepta as pequenas frustracións que poidan xurdir.
 - É quen de investigar, seleccionar e facer a recompilación da información.
 - Participa activamente na aula potenciando o desenvolvemento da creatividade.
 - Opina e reflexiona sobre as súas ideas respectando as opinións dos outros.
 - Aprende dos coñecementos doutros nenos/as de diferentes idades.
 - Recoñece e valora a importancia do traballo en equipo.
- Competencias sociais e cívicas:
 - Favorece as relacións, integración, respecto e solidariedade entre os membros do seu grupo.
 - Participa de forma activa en situacións habituais en diversos contextos comunicativos.
 - Desenvolve destrezas e habilidades como a sensibilidade cultural e a superación de malentendidos e estereotipos sociais.
 - Traballa o concepto de multiculturalidade coñecendo costumes e tradicións doutras culturas.
 - Aprende comportamentos, valores de colaboración, participación, respecto... que favorecen a vida en sociedade e fomenta a autonomía e responsabilidade.
 - Favorece a colaboración entre nenos/as de diferentes idades.
- Sentido de iniciativa e espírito emprendedor:
 - Iníciase na recreación e modificación de contos.
 - Desenvolve a imaxinación e creatividade a través da creación de novos finais.

- Utiliza a creatividade para poñer en marcha iniciativas, barallar posibilidades e solucións diversas.
- Reflexiona sobre diferentes experiencias e aprendizaxes.
- Valora o seu traballo e o dos demais.
- Conciencia e expresións culturais:
 - Asocia historias imaxinarias con acontecementos da vida real.
 - Reflexiona sobre as actuacións dos personaxes e as súas actitudes.
 - Valora o papel da muller nos contos / estereotipos.
 - Desenvolve o gusto polo arte (cine, literatura, televisión...).
 - Establece e coñece as relacións existentes entre a literatura e outras artes como o cine.

Avaliación:

Ao remate do curso escolar elaborárase unha memoria de actividades a modo de avaliación.

Asumimos este proxecto como un reto tanto para profesorado como o alumnado, así como para toda a comunidade educativa, onde teremos que formarnos en distintos ámbitos relacionados cos contos. Tentaremos incluír os retos propostos por bibliotecas escolares de Galicia para este curso.

10.3. Proxecto Voz Natura:

Introdución:

Este curso escolar 2022-23 o programa Voz Natura anímanos a traballar sobre a “o teu consumo deixa pegada”. Deste xeito, podemos incorporar ao proxecto o traballo importante de coidar o noso medio, non só accións encamiñadas á protección dos camiños, sendeiros, bosques e montes do camiño, senón tamén ao noso mar e aos ríos.

A contorna de Rianxo, chea de natureza e mar, axudará a levar a cabo grandes actividades nas distintas escolas que compoñen o noso CRA, sempre sen esquecer a gran colaboración das familias nesta andadura. Aínda que este curso, dita colaboración, será aportada dun xeito individual dada a situación sanitaria que estamos vivindo.

Obxectivos:

- Establecer relacións entre as distintas escolas que compoñen o noso centro e a contorna inmediata.
- Motivar a toda a comunidade educativa a participar dun xeito máis individual e familiar no coidado da natureza.
- Crear situacións onde o alumnado poida reflexionar, formular hipóteses e tomar decisións sobre actuacións en defensa da contorna.
- Valorar a importancia de desenvolver hábitos e actitudes de coidado e respecto cara a contorna próxima.
- Descubrir os espazos naturais máis significativos da Ruta do mar de Arousa e o río Ulla.
- Promocionar dende a escola as señas de identidade e o valor da natureza da zona do Barbanza e arredores próximos.
- Disfrutar coñecendo e comprendendo o contorno natural.
- Aproximarse ao coñecemento do noso medio.

Contidos:

- O patrimonio natural.
- A contorna máis próxima á nosa escola.
- Implicacións na vida cotiá.
- Recoñecemento e valoración de distintos bens naturais.
- Importancia do coidado e respecto da contorna.

Actividades:

Durante este curso escolar as diferentes escolas que forman parte do C.R.A investigarán sobre a súa contorna e o importante de coidala.

Tendo en conta a peculiaridade do noso centro, a maioría das actividades a levar a cabo desenvolveranse a nivel de escola. Aínda que, como cada ano, tentaremos unificar os traballos realizados nun só, para poder compartir con toda a comunidade educativa o traballado ao longo do curso.

Así mesmo, no mes de xuño, a poder ser na data máis próxima ao día 5 (Día mundial do Medio Ambiente) levaremos a cabo unha saída que consistirá na limpeza dunha das praias ou ríos do noso municipio, que aínda está por determinar.

Avaliación:

Coma todo proxecto, e tendo en conta os distintos obxectivos e contidos, este debe ser avaliabile. Será unha avaliación inicial, continua e formativa.

- Avaliación inicial: xa realizada, consistiu en coñecer a opinión dos distintos mestres e mestras a cerca de proxecto, compartir ideas, comprobar materiais, acordar metodoloxía,...
- Avaliación continua: de todo o proxecto, se as actividades son as adecuadas, se o material é o preciso, o tempo suficiente, o espazo adecuado,...
- Avaliación final: onde se valorará o proxecto.

10.4. Plan de Seccións Bilingües

Este curso escolar temos aprobadas Seccións Bilingües para as materias de plástica e Educación física en 1º e 2º de Primaria, impartíndose a plástica nas escolas de Capela, Abuín, Quintáns e Rañó e educación física nas escolas de Pazo, Capela, Abuín, Rañó e Quintáns.

Por tratarse dun CRA, tódalas escolas presentan agrupamentos multigrao, acollendo a alumnos/as de diferentes idades, con diferentes intereses e distintas peculiaridades en función do seu nivel de escolarización. Así, os máis pequenos manteñen a atención períodos máis curtos de tempo que os maiores, e teñen máis necesidade de movemento, precisando cambiar de actividade máis a miúdo. Esta diversidade do alumnado, é un dos valores e, á vez, unha das singularidades do CRA á que debemos prestar especial atención.

Ademais, este curso volvemos contar coa colaboración dunha auxiliar de conversa entre os meses de xaneiro a maio, xa que ao ser compartida co CRA de Teo comeza con eles o curso escolar.

10.7. Plan Proxecta

O proxecto estará coordinado polo mestre de Educación Física, Mario Jiménez López, pero

organizarase de forma conxunta e interdisciplinar entre todo o profesorado. A partir das actividades programadas dende o centro iranse implicando demais membros da comunidade educativa, familias e entidades deportivas municipais

O proxecto desenvolverase durante todo o curso a través dun amplo abano de actividades as cales se divulgarán grazas ás canles propostas polo Plan Proxecta. Non nos ceñiremos ao eido estritamente deportivo como constatamos nos obxectivos, pois, entre outros aspectos, o que pretendemos é:

- Crear hábitos de vida saudables tales como unha boa alimentación, descanso axeitado e hixiene corporal e postural.
- Manter e mellorar o estado de saúde a través da adquisición de hábitos de vida activos.

Para logralo o centro solicitou formar parte dos seguintes programas incluídos no Plan Proxecta:

- Aliméntate Ben, na súa modalidade Xermoliño (Froita na escola, Fai clic o teu bocata e Ti si que es un bo peixe).
- Proxecto deportivo de Centro (PDC).
- Monte Vivo.

10.8. Clube de ciencia

Outro ano máis, continuamos co clube de ciencia. Para iso levaremos a cabo as sesións do alumnado os mércores de 16:00 a 19:00 horasa coa empresa Arenaria no local social de asados e cumprindo coas medidas de hixiene e seguridade.

Ademais o que pretendemos é que todo o aprendido neste clube relacionado coa ciencia se traslade ás propias aulas.

O alumnado destinatario este curso é todo o alumnado do centro.



11. LIBROS DE TEXTO

CURSO	ÁREA	TÍTULO	ISBN	LINGUA DA EDICIÓN
1º Educación Primaria	L. CASTELLANA	Lengua Castellana 1. “Primeros Pasos”. Lectoescritura. Ed. Santillana 2021.	978-84-680-16021	CASTELÁN
	GALEGO	Tarefas de competencia lectora Le que le. Ed. Santillana 2019	978-84-9185-196-7	GALEGO
	MATEMÁTICAS	1 PRI. MATEMÁTICAS Proyecto construyendo mundos mochila ligera Ed. Santillana 2022	978-84-68071312	CASTELÁN
	CIENCIAS DA NATUREZA	Ciencias da Natureza 1. Operación mundo. Ed. Anaya 2022	978-84-698-9512-2	GALEGO
	INGLÉS	NEW TIGER 1, Pupil’s Book . Ed. Macmillan 2018.	9781380011176	INGLÉS
2º Educación Primaria	L. CASTELLANA	Lengua Castellana 2. “Saber Hacer”. Ed. Santillana 2015.	978-84-680-2546-9	CASTELÁN
	MATEMÁTICAS	2 PRI	978-84-680-4747-8	CASTELÁN

		MATEMÁTICAS SHContigo Mochila Ligera. Ed. Santillana 2018		
	CIENCIAS DA NATUREZA	Ciencias da Natureza 2. “Operación Mundo”. Ed. Anaya 2022.	978-84-6989516-0	GALEGO
	INGLÉS	NEW TIGER 2, Pupil’s Book. Ed. Macmillan 2018.	9781380011183	GALEGO

12. CRITERIOS XERAIS SOBRE O USO DAS TAREFAS EXTRAESCOLARES

Segundo o decreto 105/2014, do 4 de setembro, na disposición adicional terceira onde fala das tarefas escolares di que “os centros docentes poderán incluír dentro da súa programación xeral anual as pautas ou criterios xerais sobre o uso das tarefas extraescolares na etapa de educación primaria...”

Neste centro, con data do 20/10/2020 o Consello Escolar aprobou en canto aos deberes escolares o seguinte:

- Completar tarefas que non se remataron na clase.
- Realizar algúns exercicios de reforzo.
- Buscar información para traballos propostos no centro.
- Realizar esquemas, resumos ou mapas.
- Lecturas e tarefas de expresión escrita.

13. CURSOS DE FORMACIÓN

Ademáis da formación a nivel particular de cada un dos docentes, o profesorado deste centro participa nos seguintes Proxectos de formación permanente:

- Educación Dixital e TAC.
- Didáctica das aulas multigrao.



14. PLAN DE ACTIVIDADES PROPOSTAS POLA ANPA

Este ano volven as actividades propostas pola ANPA: inglés, pintura, teatro e piscina para favorecer a concilia das familias e enriquecer o tempo de lecer do noso alumnado.

Desenvolveranse en diferentes edificios do concello de Rianxo.

15. PLAN XERAL DE AVALIACIÓN DO CENTRO

1ª AVALIACIÓN	
DATA	ESCOLAS
29-11-2022	Pazo, Outeiro, Cruceiro e Cuvide.
13-12-2022	Capela Infantil, Capela Primaria, Rañó, Abuín e Quintáns.
ENTREGA DE NOTAS	22-12-2022
2ª AVALIACIÓN	
DATA	ESCOLAS
21-03-2023	Pazo, Outeiro, Cruceiro e Cuvide.
28-03-2023	Capela Infantil, Capela Primaria, Rañó, Abuín e Quintáns.
ENTREGA DE NOTAS	31-03-2023
3ª AVALIACIÓN	
DATA	ESCOLAS
07-06-2023	Pazo, Outeiro, Cruceiro e Cuvide.
14-06-2023	Capela Infantil, Capela Primaria, Rañó, Abuín e Quintáns.
ENTREGA DE NOTAS	21-06-2023

A avaliación dos procesos de aprendizaxe do alumnado será continua, global, formativa e integradora de todas as áreas e teranse en conta todos os elementos que compoñen o currículo. Tan pronto como se detecten dificultades na aprendizaxe se adoptarán medidas de reforzo educativo para que o alumnado poda continuar o proceso educativo do mellor xeito posible.

Ao fin de cada trimestre decembro, marzo e xuño realizarase a avaliación do alumnado e daráselle ás familias un informe sobre o desenvolvemento académico dos seus fillos/as.

Este informe entrégase normalmente ao alumnado, agás que o titor decida falar persoalmente coas familias.

Avaliación da PXA:

Todas as comisións, equipos docentes e Claustro revisarán a Programación Xeral Anual para

proceder á súa valoración e axustar os obxectivos se fose preciso.

Ao final de cada trimestre farase unha revisión da PXA propoñendo as medidas correctoras que se consideren necesarias.

Ao remate de cada curso elabórase unha memoria na que se recolle o grao de consecución dos obxectivos e se avalían as actividades levadas a cabo no Centro, explicando as dificultades atopadas e, se fose o caso, as medidas correctoras, segundo o seguinte cadro.

INDICADORES	GRAO CONSECUCIÓN		
	SI	PARCIAL	NON
PARTICIPACIÓN DA COMUNIDADE EDUCATIVA			
O equipo directivo organizou unha reunión grupal coas familias da escola.			
As titorías mantiveron reunións periódicas individuais coas familias.			
Toda a información de interese para a comunidade publicouse na web do centro.			
Houbo polo menos unha reunión trimestral coa directiva da ANPA Irmáns Ínsua.			
INNOVACIÓN EDUCATIVA			
Desenvolveuse según o previsto o Clube de Ciencia.			
Participouse de forma activa e satisfactoria nos programas do Plan Proxecta previstos.			
Participouse no programa Voz Natura.			
Participouse nos Contratos Programa.			
Desenvolveuse o programa de participación do centro nos Programas Educativos Europeos.			
Participouse nos Plans de Formación de Profesorado.			
Usouse a páxina web do centro con frecuencia.			
Dotouse de recursos tecnolóxicos ao alumnado en caso de confinamento.			



ACCESIBILIDADE DA INFORMACIÓN			
Publicáronse na web as actividades e eventos principais do curso escolar.			
Empregouse a páxina web como canle de información para as familias.			
Empregouse o abalar móbil.			
ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS			
Leváronse a cabo saídas pola contorna próxima.			
Os diferentes equipos propuxeron actividades variadas.			
Empregáronse diferentes medios para poder visualizar as celebracións das conmemoracións.			
RELACIÓNS COA CONTORNA			
O departamento de orientación do centro asistiu e participou nas reunións de coordinación dos DO dos centros do concello.			
Celebráronse as actividades de coordinación e comunicación e convivencia previstas cos centros da contorna.			
Houbo boas relacións do Centro co Concello.			
Houbo reunións periódicas coas persoas responsables do mantemento das instalacións.			
Asistiuse ás reunións propostas polo Concello.			
Houbo colaboración con entidades do Concello: entidades deportivas e culturais do concello, asociacións veciñais,...			
ACTUACIÓNS DE MELLORA NOS ENTORNOS ESCOLARES			
Fíxose un inventario do material co que conta o centro.			
Elabórouse un programa de mellora dos patios e entregouse ao concello.			
ACCIÓNS FAVORECEDORAS DA IGUALDADE			
Leváronse a cabo as actividades propostas no proxecto Coidarmos.			
ALUMNADO			
Desenvolveron hábitos de traballo individual e de equipo.			
Traballouse a nivel persoal e social.			



Adquiriron os contidos pendentos do curso 2020-2021.			
Adquiriron as competencias clave.			
Tivéronse en conta os diferentes ritmos, estilos de aprendizaxe e características.			
ALUMNADO CON NEAE			
Contouse co apoio de AL.			
Contouse co apoio de PT.			
Leváronse a cabo as sesións de PELO co alumnado de EI.			
DOCUMENTOS DE CENTRO			
Adaptáronse as programacións aos novos currículos e aplicación PROENS.			
Actualizouse o Proxecto Educativo.			
Actualizáronse os planos do centro.			
Actualizouse o Plan Xeral de Atención á Diversidade.			
Realizouse o Plan Dixital de Centro.			

16. PLAN DE COORDENACIÓN DO PERSOAL NON DOCENTE

O persoal non docente do centro na actualidade está composto pola coidadora e polas persoas que realizan a limpeza nas distintas escolas.

A comunicación e coordinación coas persoas que limpan nas escolas desenvólvese:

- A través da persoa coordinadora dos servizos de emprego do Concello de Rianxo.
- A través do alcalde de Rianxo.
- Coa persoa representante do persoal non docente no Consello Escolar.
- A través das titorías directamente coas persoas limpadoras.

17. PLAN DE RELACIÓNS COA COMUNIDADE EDUCATIVA

Ao longo do curso escolar o Equipo Directivo do Centro organizarán reunións coas familias.

Os aspectos a tratar nestas reunións:

- Situación actual do CRA en canto á baixada de alumnado.

Ademais no horario do profesorado contéplase todos os martes de 18:00 a 19:00 horas para atención individualizada das familias.

18. PLAN DE AUTOPROTECCIÓN DO CENTRO

Vaise renovar este curso escolar.

Mecanismos e medios dispoñibles no centro para facer fronte ante calquera incidencia que afecte a seguridade dos alumnos e demais persoas, así como das instalacións escolares.

- **Localización e equipamento das caixas de urxencias:** en cada escola do centro, así como na edificación da Sede do CRA haberá unha caixa de urxencias debidamente sinalada e co equipamento básico necesario para atender primeiras urxencias. Será responsabilidade dos profesores titores dar a coñecer ó resto do profesorado (especialistas e apoio) a localización da caixa de urxencias da súa escola e proceder á reposición do material preciso.
- **Programa “Alerta Escolar”:** A Consellería de Educación a través do Programa Alerta Escolar identifica tres tipos de crise: alerxias alimentarias, crises comiciais (epilepsias) e crises diabéticas.

A dirección do centro nomeará un Coordinador do Programa de atención ós alumnos con patoloxías crónicas que poidan desenvolver nunha crise (Programa Alerta Escolar), quen deberá orientar ós titores e demais profesorado no protocolo a seguir.

- **Plan de evacuación:** os pasos que se deben seguir dende que se produce unha situación de emerxencia ata que o centro é desaloxado completamente seguirán as indicación que periodicamente nos transmite Protección Civil.
- **Control de persoas que acceden ó centro:** non se poderá acceder ós espazos didáctico pedagóxicos durante as horas de clase sen a debida autorización do persoal docente.
- **Protección do alumnado:** Os alumnos e alumnas só poderán abandonar o centro en horario escolar co permiso do titor ou profesor que por causas da organización escolar teña asignado e sempre que o pai, nai ou persoa autorizada para a súa recollida deixe rexistrada e asinada a incidencia no libro de control de ausencias do alumnado que debe custodiarse en cada aula.

- **Localización das saídas dos edificios:** as saídas ó exterior de cada edificio escolar deben estar libres de obstáculos co fin de facilitar, no caso de ser preciso, unha rápida e ordenada evacuación do mesmo.
- **Sistemas de seguridade dos que dispón o centro:** todas as escolas que forman o C.R.A. están dotadas de extintores de incendios e de luces de emerxencia. Sen embargo, son de lamentar a ausencia de importantes medidas de seguridade como son ó adecuado peche dalgúns dos recintos escolares e a inexistencia de pasos de peóns ou sinalizacións de zona escolar na proximidade das mesmas.
- **Simulacros de incendios e evacuación das escolas:** cada curso escolar realizarase en colaboración cos Servizos de Protección Civil un simulacro de incendio e evacuación en cada escola. Este ano posiblemente non se faga pola situación sanitaria vivida.
- **Roubos ou estragos no interior dos recintos escolares:** en caso de roubos ou estragos no interior dos edificios escolares porase a correspondente denuncia, enviando unha copia desta á Administración educativa.
- **Difusión do plano de autoprotección:** todas as persoas que forman a comunidade educativa deben coñecer a existencia deste plan e contribuír á difusión do mesmo. A súa publicidade reiterada e os simulacros de posta en funcionamento contribuirán a garantir a protección dos alumnos, pais e mestres do centro.